


PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO
PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS
CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERRENOS DA ETEA EN VIGO






Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19° A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

**PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO PLAN
SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO
TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO.**

DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

MAIO 2018



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO.

DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

MAIO 2018


O Documento de Tramitación do Proxecto Sectorial PS-3A Área Científico Tecnolóxica 2 do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, foi producido pola Oficina de Planeamiento, S.A. para a Universidade de Vigo, elaborándose en desenvolvemento do contrato de servizos para a súa redacción.

O que certifico en A Coruña, Maio de 2018



Oficina de Planeamiento, S.A.
Juan Flórez, 106-19ºA
15005 A Coruña
Tel. (981) 272151

Asdo.: Alfonso Díaz Revilla



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19° A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO.

DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

MAIO 2018

Dirección:

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
Ánxel Viña Carregal. Economista.

Equipo Técnico:

Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
Ánxel Viña Carregal. Economista.
María Calvo Llano. Arquitecta.
Alberto Forján Roibal. Arquitecto.
Roberto-Miguel Folgueral Arias. CC.PP.

PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO.

DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN

MAIO 2018

ÍNDICE	PÁX.
DOCUMENTO DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA	1
1. MEMORIA XUSTIFICATIVA	2
1.1. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO E SOCIAL DO PROXECTO SECTORIAL.	2
1.2. IDONEIDADE DO EMPRAZAMENTO	3
1.3. ACOMODO DO PROXECTO SECTORIAL AOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	4
1.4. INCIDENCIA TERRITORIAL DO PROXECTO SECTORIAL	5
1.5. CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA E AS SÚAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.	7
1.6. RELACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL VIXENTE	8
2. MEMORIA DE INFORMACIÓN	10
2.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ÁMBITO	10
2.2. CARACTERÍSTICAS MEDIO AMBIENTAIS	12
2.3. EDIFICACIÓNS EXISTENTES	13
2.4. INFRAESTRUTURAS EXISTENTES E ESTADO DA URBANIZACIÓN	17
3. MEMORIA DE ORDENACIÓN	18
3.1. OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN	18
3.2. DESCRICIÓN DAS SOLUCIÓNS DE ORDENACIÓN ADOPTADAS	21
3.2.1. <u>Espazos públicos</u>	22
3.2.2. <u>Organización parcelaria e usos</u>	24
3.2.3. <u>Edificabilidade</u>	24
3.3. ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL E AMBIENTAL. GRAO DE PROTECCIÓN E NIVEIS DE INTERVENCIÓN	25
3.4. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS URBANOS	26
4. ORDENANZAS REGULADORAS	27
5. ESTUDO ECONÓMICO FINANCEIRO	45
5.1. VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DA ACTUACIÓN	45
5.2. AVALIACIÓN ECONÓMICA	46
ANEXO 1. Catálogo de Elementos suxeitos a protección	47
ANEXO 2. Informe Ambiental Estratéxico	49
PLANOS DE INFORMACIÓN	51
PLANOS DE ORDENACIÓN	53

PROXECTO DE OBRAS E ACONDICIONAMENTO DA URBANIZACIÓN	55
A. MEMORIA	56
1. ANTECEDENTES	56
1.1. EQUIPO AUTOR DO PROXECTO	56
1.2. OBXECTO DO PROXECTO. PROGRAMA DE NECESIDADES	57
2. TOPOGRAFÍA	59
3. CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DOS SERVIZOS	59
4. SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS	60
5. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE	61
6. INSTALACION DE ALUMBRADO PÚBLICO	61
7. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA	63
8. TELECOMUNICACIÓNS	66
9. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE GAS	67
10. PLAN DE OBRA	68
11. REVISIÓN DE PREZOS	68
12. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	68
13. ORZAMENTO	68
14. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO	69
15. ÍNDICE DE PLANOS	70
16. CONSIDERACIÓNS FINAIS	71
ANEXOS Á MEMORIA	73
ANEXO Nº1: TOPOGRAFÍA E REPLANTEO	75
ANEXO Nº2: SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS	77
ANEXO Nº3: REDES DE DRENAXE E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS	85
ANEXO Nº4: ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE	93
ANEXO Nº 5: SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA	97
ANEXO Nº 6: ALUMADO PÚBLICO	105
ANEXO Nº 7: CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE	113
ANEXO Nº 8: CÁLCULO DE ESTRUTURAS	117
ANEXO Nº 9: PLAN DE OBRA	125
ANEXO Nº 10: ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE	127
ANEXO Nº 11: REDE DE SUBMINISTRO DE GAS E TELECOMUNICACIÓNS	173
ANEXO Nº 12: PLAN DE CONTROL DE CALIDADE	177
ANEXO Nº 13: ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS	179
ANEXO Nº 14: ESTUDO XEOTÉCNICO	193
ANEXO Nº 15: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS	195
B. PREGO DE CONDICIÓNS	197
C. MEDICIÓNS E ORZAMENTO	199
D. PLANOS	211

DOCUMENTO DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

1.1. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO E SOCIAL DO PROXECTO SECTORIAL.

O Proxecto Sectorial da Área Científico Tecnolóxica 2, PS-3A, forma parte dos ámbitos incluídos no *Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos Terreos da ETEA en Vigo*, declarado de incidencia supramunicipal o 11 de outubro de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia para os efectos previstos na Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e no Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e aprobado definitivamente con data 23 de febreiro de 2012 .

Segundo establece o *Plan Sectorial* na súa Normativa (Apartado 6.1), a execución de cada unha das actuacións obxecto do Plan Sectorial requirirá a previa aprobación dos correspondentes Proxectos Sectoriais.

O interese público do Plan Sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar e dos Proxectos Sectoriais que o desenvolven fundamentase no seu carácter de instrumento encamiñado a desenvolver en Galicia un grande complexo científico-técnico, altamente especializado, marco de referencia internacional para a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no ámbito mariño.

A instalación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en Vigo permitirá integrar en estratexias e obxectivos comúns as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dentro do ámbito mariño dispoñibles en Galicia, ao tempo que facilitará o potenciamento das áreas de alta competencia investigadora dentro dese mesmo ámbito.

1.2. IDONEIDADE DO EMPRAZAMENTO.

As antigas instalacións da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) de Vigo, constitúen unha peza dotada dunha forte autonomía funcional, tanto en relación coa cidade de Vigo como cos barrios perimetrais. Ben relacionada cos eixes viarios rexionais e configurando polas súas condicións naturais parte relevante da paisaxe da Ría, ofrece unha nova oportunidade de apertura da cidade de Vigo ao mar.

Os terreos sitúanse na parroquia de Teis, nun ámbito caracterizado pola súa singular orografía, por constituír un dos flancos da ampla valgada de Ríos ao abeiro do Monte da Guía, que conforma unhas condicións de porto natural reforzado pola execución das instalacións portuarias propias da ETEA.

Esta posición confírelle un carácter terminal, recollido e de difícil accesibilidade dende a Cidade, complexizado tanto polo desenvolvemento urbano do Barrio de Ríos -marcado por unha forte espontaneidade a partir dun substrato de carácter rural- como polo seu carácter de recinto cercado dotado hoxe de dous únicos puntos de acceso.

Son estas mesmas condicións naturais as que determinan que a súa lectura máis nidia se produza nunha aproximación dende o mar.

É neste ámbito onde se pretende a implantación do Campus do Mar. Un proxecto liderado pola universidade de Vigo e promovido polas tres universidade galegas, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO). O Campus do Mar aspira a ser o dinamizador dunha rede transfronteriza (Eurorexión Galicia-Norte de Portugal) e integrada por unidades de investigación, docencia e transferencia de tecnoloxía.

A localización na ETEA supón a confluencia dos intereses da Universidade e da Cidade, e a posibilidade de revitalización e dinamización do ámbito e o seu entorno.

Dentro deste proxecto global, o ámbito concreto do Proxecto Sectorial da Área Científico-Tecnolóxica 2 (PS-3A), configúrase como o primeiro proxecto contedor de usos relacionados coa investigación e as tecnoloxías, con capacidade de xerar sinerxías de atracción de novos usos relacionados.

O emprazamento do Proxecto Sectorial PS-3A dentro do conxunto harmónico da ETEA, nun espazo de grande significación dentro do ámbito como é a grande praza na ribeira e contendo dous edificios cunha alta calidade ambiental, incide na idoneidade do emprazamento para a implantación dos novos usos que se pretenden.

1.3. ACOMODO DO PROXECTO SECTORIAL AOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

O presente Proxecto Sectorial redáctase ao amparo da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e do Decreto 80/2000 polo que se regulan os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, en desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos Terreos da ETEA en Vigo, declarado de incidencia supramunicipal mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 11 de outubro de 2007 para os efectos previstos na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000, e aprobado definitivamente con data 23 de febreiro de 2012 polo Consello da Xunta de Galicia, e ten por obxecto ordenar detallada e pormenorizadamente o ámbito, para a localización das construcións que sirvan de soporte ás actividades e servizos relacionados coa investigación, o desenvolvemento e os seus servizos complementarios, axustándose ás súas determinacións.

Dende o punto de vista documental consta dos documentos necesarios (artigo 10 do Decreto 80/2000) para reflectir con claridade e suficiencia as determinacións establecidas no artigo 23 da Lei 10/1995 e artigo 9 do Decreto 80/2000.

O Proxecto Sectorial acomódase ás determinacións doutros instrumentos de Ordenación do Territorio, tanto referido ás Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, que cita ao Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar como un dos espazos de actividades innovadoras da Rexión Urbana das Rías Baixas, como ao Plan de Ordenación do Litoral, que o inclúe como espazo de interese na liña dos obxectivos establecidos de mantemento da estrutura urbana actual e das edificacións catalogadas.

1.4. INCIDENCIA TERRITORIAL DO PROXECTO SECTORIAL.

O Plan Sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar está dirixido a determinar as condicións xerais para o futuro desenvolvemento do conxunto das dotacións, coas infraestruturas, instalacións e usos complementarios, previstos no nos terreos da ETEA en Vigo cunha incidencia territorial que transcende do estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia e especiais características.

As actuacións propostas no Plan Sectorial dentro das antigas instalacións da ETEA apóianse nun proxecto de rexeneración e posta en valor do espazo que ocupan, recuperando as edificacións existentes que presentan valores arquitectónicos singulares para adaptalos aos novos usos previstos no Plan.

O Plan supón ao mesmo tempo un elemento integrador dos barrios de Ríos, Teis e A Guía, que rodean o ámbito, situándose como un elemento de confluencia e de apertura cara ao mar, que xerará un gran espazo público para uso e disfrute da poboación.

Neste senso, a actuación de apertura das antigas instalacións na zona da praia do Areal da Punta posibilitan a permeabilidade pola beiramar da relación entre os barrios de A Guía e Ríos, a apertura da fronte costeira, co conseguinte disfrute público do litoral. Así mesmo, a localización dos usos complementarios residenciais, socio-asistenciais e socio-culturais supoñerán o achegamento do ámbito da ETEA á poboación dos barrios de bordo e da cidade de Vigo.

Deste xeito, este proxecto, dunha dimensión científica de proxección internacional e de incidencia económica e social nos sectores relacionados coa explotación dos recursos mariños, vai a supoñer tamén a potenciación da apertura ao mar do espazo urbano de Vigo, a integración cidadá no proxecto e a recuperación de lugares e dotacións de infraestruturas e servizos de excepcional calidade para o disfrute dos seus habitantes.

Neste contexto, o Proxecto Sectorial PS-3A; que desenvolve o Plan Sectorial, prefigura unha serie de medidas que aseguran o mantemento das especiais características do ámbito e a minimización de impactos. Así, o primeiro paso é a valoración dos edificios incluídos no ámbito (Siemens e Faraday), que deben ser respectados polo seu valor arquitectónico e ambiental, reutilizándose como contedores dos novos usos do Campus Científico - Tecnolóxico.

O Plan Sectorial remite ao Proxecto Sectorial a pormenorización do seu Catálogo e dos graos de protección que lles corresponden a partir da valorización singularizada de cada un dos edificios e de modo especial -conforme á Normativa do Plan Sectorial- en función da ausencia de valores arquitectónicos no interior dos edificios e dos seus valores históricos, artísticos e arquitectónicos.

Neste sentido, as obras a realizar neles e a escala das posibles ampliacións nas edificacións existentes estará acorde coa súa composición volumétrica de orixe e a súa situación dentro do ámbito, tendo especial coidado neste caso pola súa localización en primeira liña de costa en contacto coa praza de beiramar. Estas medidas contribúen á revalorización da paisaxe litoral deste ámbito, integrando a actuación na estrutura da ETEA e polo tanto da cidade.

En canto ás afeccións, a posición dos edificios en relación ao dominio público marítimo terrestre determina unha dependencia das administracións competentes que se ten en conta na redacción do Proxecto e na súa tramitación, de forma moi especial no relativo ao Edificio Siemens afectado lixeiramente pola liña de servidume de costas.

1.5. CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS DA LEI 2/2016 DO SOLO DE GALICIA E AS SÚAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA.

De acordo co establecido no artigo 10 do Decreto 80/2000, os proxectos sectoriais deberán xustificar o cumprimento das normas de aplicación directas contidas nos artigos 59 e 61 da *Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia*.

Enténdese que as referencias aos artigos 59 e 61 da LSG pasan a referirse aos contidos dos artigos 91 e 92 da lexislación urbanística vixente (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

. **Cumprimento do artigo 91.- Adaptación ao ambiente.**

O ámbito do PS-3A forma parte do conxunto de instalacións da ETEA que presenta un alto valor ambiental e cultural.

O Proxecto Sectorial regula pormenorizadamente as obras permitidas en cada edificio de cara ao mantemento da harmonía do conxunto a través da pormenorización do catálogo establecido no Plan Sectorial, de xeito que as rehabilitacións ou posibles ampliacións das edificacións existentes se integren no conxunto do ámbito sen desfavorecer a súa imaxe ambiental e a unidade do conxunto.


Dende o Proxecto Sectorial regúlase así mesmo a sinalética e o remate dos paramentos exteriores e cubertas das edificacións incidindo na consecución dun espazo integrado na paisaxe que o rodea.

. **Cumprimento do artigo 92.- Protección das vías de circulación.**

O ámbito do Proxecto Sectorial comprende un espazo totalmente consolidado pola edificación e de carácter peonil, polo que non existen vías de circulación que requiran do cumprimento deste artigo.

1.6. RELACIÓN CO PLANEAMENTO URBANÍSTICO MUNICIPAL VIXENTE.

O planeamento urbanístico vixente no Termo Municipal de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de abril de 1993, coas súas modificacións puntuais, tras a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 del Tribunal Supremo. Actualmente estase redactando o Borrador do Instrumento de Ordenación Provisional que iniciou recentemente o seu trámite ambiental.



O artigo 11.1 do Decreto 80/2000 establece que as determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións de planeamento urbanístico vixente.

Así mesmo, o artigo 11.2 establece que o municipio no que se asente a instalación obxecto do Proxecto Sectorial deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do Proxecto no prazo en que se establece.

Toda vez que a proposta de ordenación do Plan Sectorial non difire substancialmente da clasificación de sistema xeral dotacional que establecía o Plan Xeral e que se mantén no

Borrador do Instrumento de Ordenación Provisional, a primeira adaptación necesaria é a que se refire á caracterización dos usos dotacionais do Sistema Xeral, á determinación das súas condicións de edificabilidade, á incorporación das determinacións físicas da conexión exterior viaria, e demais determinacións complementarias.

Nun prazo de tres anos incorporaranse ao planeamento municipal as determinacións do Proxecto Sectorial PS-3A que desenvolve o Plan Sectorial, a medida que este acade a súa aprobación.

2. MEMORIA DE INFORMACIÓN.

2.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO ÁMBITO.

O ámbito do Proxecto Sectorial da Área Científico Tecnolóxica 2 PS-3A, é un dos ámbitos delimitados polo Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico - Tecnolóxico do Mar para o desenvolvemento das súas determinacións.

O Campus Científico Tecnolóxico do Mar sitúase ao nordeste da cidade de Vigo, na parroquia de Teis, ocupando as antigas instalacións da ETEA, na marxe leste do monte de A Guía, nunha valgada que deita cara ao mar e cara ao barrio de Rios. Este barrio, xunto cos de Teis e A Guía, rodean a superficie da ETEA polo leste, sur e oeste respectivamente.

Trátase dun espazo cunha topografía en xeral suave, con cotas que van dende os 35 m ata o nivel do mar. Estas condicións cambian na marxe oeste, onde aparecen fortes desniveis no cantil vexetal que cae dende o monte de A Guía. A presenza deste cantil e a imposibilidade de paso a través da beiramar, foron algúns dos elementos que impediron ata o de agora, unha fluída comunicación entre os barrios a través do ámbito, subsanada recentemente coa execución do Proxecto Sectorial da Área de Usos Recreativos (PS-5) e a conseguinte apertura dos usos dotacionais á cidadanía.

O ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A comprende unha superficie de 4.180 m². Localízase ao norte do ámbito do Plan Sectorial que desenvolve, en contacto co cantil vexetal incorporado ao Proxecto Sectorial PS-4 e coa grande explanada de Beiramar. Limita pois ao norte co PS-5 (Proxecto Sectorial da Área de Usos Recreativos) e co PS-1 (Proxecto Sectorial da Área de Viais, Espazos Libres e Infraestruturas), ao leste con este mesmo PS-1 na gran praza central, ao sur co PS-6 (Proxecto Sectorial Área de usos complementarios) e ao oeste co PS-4 (Área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e Parque Urbano).

O ámbito do Proxecto Sectorial presenta unha reducida dimensión, directamente vencellada coa ocupación dos edificios Faraday e Siemens.



2.2. CARACTERÍSTICAS MEDIO AMBIENTAIS.

O ámbito das antigas instalacións da ETEA en Teis destaca como un conxunto harmónico tanto dende o punto de vista ambiental como arquitectónico. O conxunto está urbanizado a partir dun eixe viario central, cunha alameda, con inicio na porta de acceso ao sur que se prolonga no exterior do ámbito, e que remata nunha praza construída sobre un areal na ribeira e un peirao aberto cara á ría.

Dentro deste conxunto, o ámbito do Proxecto Sectorial 3A da Área Científico Tecnolóxica 2 localízase en contacto con esta praza central arroupado no seu bordo oeste por unha ampla masa vexetal que ascende na ladeira do Barrio da Guía.

Se ben o conxunto da ETEA presenta singulares valores ambientais contando cun arborado de gran interese botánico e unha ampla superficie cun tratamento axardinado, o ámbito concreto do Proxecto Sectorial PS-3A carece tanto de espazos axardinados como de especies arbóreas. Neste contexto, a característica medio ambiental máis salientable do ámbito é a súa relación coa beiramar e coa masa vexetal do ámbito do Proxecto Sectorial PS-4, configurado como futuro parque urbano, que prolonga paisaxisticamente o espazo forestado do Monte da Guía no interior do ámbito.



2.3. EDIFICACIONES EXISTENTES.

Dende o punto de vista da edificación, no contorno da praza están situados os edificios históricos e coñecidos polos nomes de Faraday, Siemens, Morse e Kelvin, que a configuran como un espazo de forte identidade.

O resto das construcións e instalacións existentes no ámbito do Plan Sectorial sitúanse a modo de espiña de peixe a ambos lados do eixe principal de acceso, concentrándose fundamentalmente no lado oeste, onde tamén están as instalacións deportivas, campo de fútbol e polideportivo.

No ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A da Área Científico Tecnolóxica 2 sitúanse os edificios Faraday e Siemens.



O **edificio Faraday**, ocupa a parte sur do ámbito do Proxecto Sectorial.

Ten planta cadrada, patio central e catro torres e unha altura de baixo e dúas plantas.

A estrutura do edificio está formada por muros perimetrais de carga de sillería e pilares de formigón armado.

A cuberta é a dúas augas rematada en tella árabe.

Os ocios das fachadas son en xeral pequenos e rectangulares con recercados en sillería e os da planta baixa das dúas fachadas principais teñen parteluz e están rematados en arco rebaixado.

O patio organiza a planta a modo de claustro.



O **edificio Siemens** ocupa a parte norte do ámbito do Proxecto Sectorial con fachada principal á praza de beiramar. Ten planta rectangular, patio central e unha altura de baixo e unha planta.

Ao edificio principal engadíuselle posteriormente na parte traseira un volume para albergar a lavandería.

Os muros perimetrais do edificio son mixtos, formados por ladrillo de oco dobre, cámara de aire o sillería, combinando esta estrutura con pilares de formigón armado.

A cuberta é a dúas augas rematada en tella plana.

A fachada principal enfatiza a simetría cun corpo central onde se localiza a porta principal de acceso ao edificio en planta baixa e un balcón con tres portas na primeira planta, rematando en arco rebaxado en un frontón con escudo e pináculos.

Os ocos das fachadas son rectangulares con recercados en sillería.



Dende o punto de vista da súa valoración, estes edificios presentan singulares valores arquitectónicos, tanto de seu como pola súa función na composición dun conxunto harmónico, estando catalogados polo Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar.

Estruturalmente, o estado destes edificios, pode definirse en xeral como regular-bo e o seu mantemento, integración no novo proxecto e grao posible de intervención virá condicionado polos seus valores intrínsecos de carácter histórico, artístico ou arquitectónico, téndose que garantir en calquera caso o mantemento do nivel de integración ambiental no conxunto.

2.4. INFRAESTRUTURAS EXISTENTES E ESTADO DA URBANIZACIÓN.

As redes de infraestruturas existentes no ámbito do Plan Sectorial acomópanse no seu dimensionamento e características ás da antiga función militar, experimentando reformas, adaptacións e transformacións a medida que se foron producindo ampliacións e reforma nas instalacións.

En relación ao ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A Área Científico-Tecnolóxica 2 as infraestruturas existentes, e dada a súa escasa entidade superficial, refírense exclusivamente ás liñas de acometidas dos diferentes servizos aos edificios Siemens e Faraday, agás no caso da rede de saneamento onde ademais discorren dúas liñas de conexión exterior, unha referida a rede de conexión do Barrio de Teis co colector de beiramar, e outra en relación coa conexión do edificio da antiga Enfermería co mesmo colector.

Dende o punto de vista da urbanización do espazo público, este presenta na actualidade un acabado en formigón, con diferentes niveis de conservación, que abrangue a totalidade do ámbito.

Destaca a presenza dun murete de mampostería pétreo a xeito de contención do noiro do monte, xerando unha correcta transición entre o espazo urbanizado e o espazo natural.



3. MEMORIA DE ORDENACIÓN.

3.1. OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN.

O Proxecto Sectorial da Área Científico-Tecnolóxica 2 pretende a articulación da proposta de ordenación para a localización de usos docentes, administrativos e de investigación que a Universidade de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo propoñen integrar neste ámbito no marco do programa Campus de Excelencia Internacional, en desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico – Tecnolóxico do Mar na ETEA en Vigo, que establece que cada actuación se ordenará atendendo ás súas singulares características, cuns criterios particulares o que non é óbice para que todas elas compartan unha serie de trazos xerais á hora de abordar a súa ordenación.

Estes criterios xerais de ordenación pódense resumir nas seguintes determinacións:

- A ordenación de cada ámbito dará resposta ao carácter de cada actuación establecido polo Plan Sectorial.
- En cada actuación deberán identificarse aqueles elementos que non deberán ser alterados polo seu valor patrimonial ou ambiental, incorporándoos ao proxecto como elementos de recualificación da actuación.
- As actuacións integraranse na estrutura urbanística das instalacións preexistentes.
- A ordenación incidirá na creación dun proxecto ambiental de calidade apoiado na apertura da cidade ao mar e na revalorización dos elementos existentes no ámbito.
- O deseño das diferentes ordenanzas que regulen as condicións de edificación, uso, urbanización e actividade en cada proxecto sectorial debe estar en sintonía cos criterios e directrices de ordenación descritas no presente apartado, axustándose tanto ás determinacións referidas á lexislación territorial ou urbanística, como a aquelas que debeñen da aplicación da lexislación sectorial ou do propio planeamento municipal vixente en canto á regulación de aspectos xerais.
- As reservas de aparcamento desenvolveranse atendendo ás previsións mínimas pormenorizadas nesta Normativa para cada Proxecto Sectorial, baixo o criterio de minimizar o impacto do tránsito rodado nos espazos interiores de maior calidade.

Estas ordenanzas, que formarán o corpo normativo de cada un dos proxectos sectoriais de desenvolvemento, debe abarcar cando menos os seguintes aspectos:

- . Normas Xerais referidas á natureza, ámbito e vixencia do proxecto. Alcance normativo dos documentos e desenvolvemento obrigatorio. Cumprimento da lexislación vixente e condicións xerais de uso.
- . Normas Comúns de edificación referidas a parámetros e determinacións reguladoras das edificacións.
- . Normas Particulares de edificación referidas á regulación detallada de cada unha das áreas en que se cualifique cada ámbito.
- . Normas Particulares de uso referidas ao pormenor dos permitidos en cada unha das áreas en que se cualifique cada ámbito.
- . Normas de Urbanización referidas ás condicións da urbanización e implantación das diferentes infraestruturas técnicas.
- . Condicións Ambientais e Hixiénicas referidas ás condicións de funcionamento das diferentes actividades que se poidan desenvolver no ámbito e á súa relación co medio ambiente e a lexislación sectorial.
- . Condicións estéticas referidas tanto ás edificacións, como ao espazo público.

En canto ás directrices particulares establecidas no Plan Sectorial para a redacción do Proxecto Sectorial PS-3A, serán as seguintes:

PS-3A. Proxecto Sectorial Área Científico - Tecnolóxica 2.

O ámbito deste Proxecto Sectorial defínese en planos de ordenación como PS-3A cunha superficie de 4.180 m².

Cumprimentando as determinacións e documentación previstos na Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e no Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o seu alcance regulador será o propio dun Plan Especial de infraestruturas e dotacións dos previstos na Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

O Proxecto Sectorial ordenará detallada e pormenorizadamente o ámbito, para a localización das construcións que sirvan de soporte ás actividades e servizos relacionados coa investigación e o desenvolvemento e os seus servizos complementarios.

A edificabilidade do ámbito non superará os 5.750 m² construídos.

O Proxecto Sectorial determinará o trazado e características da rede de comunicacións propia da área e do seu enlace co viario principal previsto no Proxecto Sectorial PS-1 e -de ser o caso- co Parque Urbano; igualmente solucionará as súas conexións coas redes principais previstas no Proxecto Sectorial PS-1 e -de ser o caso- as conexións exteriores.

Os novos usos localizaranse nos edificios existentes.

Respectaranse os elementos patrimoniais e vexetais catalogados. O Proxecto Sectorial pormenorizará a catalogación e graos de protección destes elementos en función da ausencia de valores arquitectónicos no interior da edificación e dos seus valores históricos, artísticos e arquitectónicos.

O Proxecto Sectorial resolverá fóra do seu ámbito as reservas necesarias para prazas de aparcamento nun mínimo de 50 prazas que se localizarán preferentemente no ámbito do PS-4.

3.2. DESCRICIÓN DAS SOLUCIÓNS DE ORDENACIÓN ADOPTADAS.

A ordenación do ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A da Área Científico-Tecnolóxica 2, da reposta ao carácter da actuación asignado polo Plan Sectorial. Así o Proxecto Sectorial ordena detallada e pormenorizadamente o ámbito, para a localización das construcións que sirvan de soporte ás actividades e servizos relacionados coa investigación e o desenvolvemento e os seus servizos complementarios.

A súa estrutura urbanística adáptase sen necesidade de grandes alteracións, ao requirimento de usos e intensidades que se plantea , o que permite valorizar e incorporar ao Proxecto toda a súa potencialidade ambiental, arquitectónica e urbanística.

O ámbito está ocupado por dous edificios que se incorporan ao proxecto como elementos de recualificación da actuación, regulando as obras necesarias para adaptalos aos novos usos requiridos que se localizarán neles.

Deséñanse unhas ordenanzas que regulan as condicións de edificación, uso, urbanización e actividade no Proxecto Sectorial que están en sintonía cos criterios e directrices de ordenación descritas no Plan Sectorial, axustándose tanto ás determinacións referidas á lexislación territorial ou urbanística, como a aquelas que deveñen da aplicación da lexislación sectorial ou do propio planeamento municipal vixente, en canto á regulación de aspectos xerais.

O Proxecto Sectorial determina o trazado e características da rede de comunicacións propia da área e do seu enlace co viario principal previsto no Proxecto Sectorial PS-1 e -de ser o caso- co Parque Urbano; igualmente soluciona as súas conexións coas redes principais previstas no Proxecto Sectorial PS-1 e -de ser o caso- as conexións exteriores.

As zonas axardinadas, particularmente as incluídas no interior das edificacións existentes deberán manterse para a súa posta en valor.

3.2.1. Espazos públicos



O ámbito do PS-3A está ocupado en máis da metade da súa superficie (66%) polas edificacións existentes, formando parte do espazo público do ámbito o 34% da superficie de solo restante, sendo de carácter eminentemente peonil.

Destacan tres espazos diferenciados:

- En primeiro lugar a zona baixa en contacto coa praza central do Campus, que ademais das zonas de entrega das propias fachadas coa praza inclúe o espazo entre os edificios Faraday e Siemens. Este ámbito será tratado como un espazo estancial arborado tendo en conta a súa escala e localización en relación coa grande praza central, así como a súa función de nexo entre os dous edificios de usos complementarios, mantendo unha unidade de texturas a través da pavimentación pétreo.
- En segundo lugar a zona de acceso á enfermería que salva un desnivel aproximado de 5 metros, entre o edificio Faraday e os xardíns da fronte do edificio Morse. Este espazo que presenta unha pendente aproximada do 14 % terá necesariamente un tratamento distinto ao da praza, entendéndoo como parte dos percorridos internos do Campus.
- Por último a zona oeste do ámbito do Proxecto Sectorial, correspondente coas traseiras das edificacións e lindante co espazo reservado para o Parque Urbano a desenvolver no Proxecto Sectorial PS-4. O tratamento deste espazo prestará especial coidado ao mantemento das solucións de contención e contacto co Parque, evitando o carácter residual deste tipo de zonas, e prolongando, no seu contacto, a pavimentación de lastro prevista no PS-1.



O Proxecto Sectorial resolverá fóra do seu ámbito as reservas necesarias para prazas de aparcamento nun mínimo de 50 prazas que se localizarán preferentemente no ámbito do Proxecto Sectorial PS-4, e transitoriamente ao interior da reserva prevista no Proxecto Sectorial PS-1 en contacto co Peirao.



3.2.2. Organización parcelaria e usos

O Proxecto Sectorial organiza a súa ordenación en torno aos dous edificios que ocupan o ámbito. Defínense así dúas parcelas A1 e A2 que comprenden o edificio Siemens, no caso da parcela A1, e o edificio Faraday, no caso da parcela A2.

En ambas parcelas permítense os usos Docente e Investigador, Sociocultural e Administración Pública. Estes usos permitidos deben deixar aberta a posibilidade de incorporar outros usos complementarios vencellados coas actividades que se desenvolvan.

3.2.3. Edificabilidade

O ámbito do PS-3A ten unha superficie segundo o Plan Sectorial de 4.180 m². Sobre esta superficie o Plan Sectorial establece unha superficie máxima construída de 5.750 m².

Tendo en conta as superficies construídas nos edificios existentes no ámbito que segundo datos rexistrados son de 2.787,94 m² no caso do edificio Faraday (2.763 m² segundo datos aportados pola Universidade de Vigo na licitación da rehabilitación deste edificio) e de 2.373,85 m² no caso do edificio Siemens, o Proxecto Sectorial asígnalle a cada parcela unha edificabilidade concreta que permita a versatilidade e polivalencia de usos cun máximo aproveitamento das edificacións.

ÁMBITO	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
A1. Edificio Siemens	2.650 m ²
A2. Edificio Faraday	3.100 m ²
TOTAL	5.750 m²

3.3. ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL E AMBIENTAL. GRAO DE PROTECCIÓN E NIVEIS DE INTERVENCIÓN.

Os dous edificios comprendidos no ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A (Faraday e Siemens), destacados na protección xenérica que sobre o conxunto das antigas instalacións da ETEA que establecía o Catálogo do Plan Xeral de Vigo recentemente anulado, son identificados como elementos singulares de protección do patrimonio cultural no Catálogo de Protección do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus do Mar.

O Proxecto Sectorial pormenoriza no seu Anexo Catálogo de elementos suxeitos a protección así como os seus correspondentes graos de protección a partir da valorización singularizada de cada un dos edificios e de modo especial -conforme á Normativa do Plan Sectorial- en función da ausencia de valores arquitectónicos no interior dos mesmos.

Así, establécese un nivel de protección ambiental co alcance previsto no artigo 41.1. da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, regulando as actuacións autorizables segundo o establecido no seu artigo 42.3.

3.4. INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS URBANOS.

A proposta de implantación de servizos urbanos, detallada nos planos correspondentes, refírese basicamente ás conexións das redes ao interior do ámbito do Proxecto Sectorial coas previstas no Plan Sectorial así como as acometidas ás dúas edificacións.

Igualmente, incorpora as conexións exteriores referidas ás redes de abastecemento e saneamento en relación co Barrio de Teis.

4. ORDENANZAS REGULADORAS.

4.1. NORMAS XERAIS.

4.1.1. Natureza e ámbito

1. O Proxecto Sectorial PS-3A da Área Científico Tecnolóxica 2, desenvolve as determinacións do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos Terreos da ETEA en Vigo sobre o ámbito delimitado por dito Plan como PS-3A.
2. Esta normativa aplícase á superficie total do ámbito do Proxecto Sectorial.

4.1.2. Modificación e vixencia

1. A modificación do Proxecto Sectorial, poderase realizar en calquera momento, seguindo o procedemento establecido no artigo 13 do Decreto 80/2000 de 23 de marzo, con exclusión do trámite previsto no seu punto 1.
2. O Proxecto Sectorial poderá caducar e extinguir os seus efectos no suposto de que se produza declaración de caducidade por incumprimento dos prazos previstos para o seu inicio ou terminación por causa imputable ao titular das obras, ou que estas sexan interrompidas por tempo superior ao autorizado sen causa xustificada, excepto obtención previa da correspondente prórroga que poderá outorgar a Consellería que tramitou o Proxecto.
3. A declaración de caducidade corresponderalle ao Consello da Xunta de Galicia, a proposta da Consellería competente por razón da materia que tramitou o proxecto sectorial e despois de informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e audiencia dos interesados.
4. A declaración de caducidade indicará, se é o caso, as determinacións do planeamento urbanístico municipal que deban ser modificadas, as condicións a que queden sometidas as construcións e instalacións xa realizadas e aquelas outras que resulten adecuadas para corrixir ou eliminar os impactos que puideran producirse no medio físico.

4.1.3. Alcance normativo dos documentos

O alcance normativo do Proxecto deriva do contido normativo dos documentos urbanísticos que o integran e en particular das Ordenanzas Reguladoras, Planos de Ordenación, Estudo Económico Financeiro e Memoria Xustificativa da Ordenación.

4.1.4. Desenvolvemento obrigatorio

Para o desenvolvemento urbanístico dos usos e actividades redactaranse os proxectos de edificación e instalacións.

4.1.5. Cumprimento da lexislación vixente

O cumprimento das normas e preceptos contidos nesta Normativa, non exime da obrigatoriedade de cumprir as restantes disposicións vixentes ou que poidan ser ditadas, sobre as distintas materias afectadas en cada caso.

Nos aspectos non contemplados nestas Ordenanzas, estarase ao disposto no *Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo* e na Normativa Urbanística Municipal vixente.

4.1.6. Definicións

A efectos destas ordenanzas, cantas veces se empreguen os termos que a continuación se indican, terán o significado que se expresa nos apartados seguintes:

Parcela edificable

Parcela edificable é a superficie de solo comprendida entre lindes e aliñacións, sobre a cal se pode edificar cando reúna a condición de solar como consecuencia da execución do Proxecto Sectorial.

Ámbito

É un conxunto de parcelas agrupadas baixo unha mesma ordenanza.

Aliñación

Entenderase por aliñación aquela liña límite da parcela que separa esta dos espazos libres públicos.

Liña de edificación

É aquela liña que a futura edificación non pode exceder. A liña de edificación pode ser exterior ou interior:

- Exterior. Cando se refire á fachada de edificación que dea fronte a espazos libres públicos ou rúa. A liña exterior coincidirá coa aliñación, agás indicación en Plano de Ordenación ou no caso en que se dispón a obrigatoriedade de establecer un recuamento.

A liña exterior indicada en Plano de Ordenación terá a consideración de liña de edificación obrigatoria para garantir o aliñamento das fachadas.

- Interior. Cando se refire á fachada oposta á anterior.

Fronte de parcela

Enténdese como tal o linde en contacto coa vía pública no que se establece o acceso principal á parcela. A súa dimensión será a distancia entre os lindes laterais, medida sobre a aliñación.

A estes efectos non se considerará vía pública o espazo interior ás parcelas edificables reservado para espazos libres ou outros usos complementarios e aparcamento, e en consecuencia non poderá ter a consideración de fronte de parcela a linde en contacto con ditos espazos.

Recuamento

É o ancho da franxa de terreo comprendida entre a aliñación e a liña de edificación cando ambas non coinciden. Así mesmo as separacións da edificación respecto aos demais lindes da parcela edificable denominaranse recuamentos.

- . Recuamentos laterais. Cando se refire aos lindes laterais.
- . Recuamentos posteriores. Cando se refire ao linde posterior da parcela.

A medición do recuamento, sexa frontal, lateral ou posterior, producirase perpendicularmente ás lindes de referencia en todos os puntos do mesmo.

Rasante

É a cota altimétrica que se corresponde co perfil lonxitudinal dunha vía ou espazo público.

Altura da edificación

A altura da edificación é a dimensión vertical dun edificio. Pola súa regulación poderase empregar unha ou ambas destas unidades de medida:

1. A distancia vertical en metros desde a rasante da rúa ou espazo público ao que dea fronte a edificación, tomada no punto medio da fachada, e ata a cara inferior do forxado ou entramado da estrutura da cuberta.
2. Número total de plantas, nas que se incluírán a planta baixa e as plantas piso e, no seu caso, a planta semisoto.

Altura máxima da edificación

É aquela que non pode superarse coa edificación. Establecerase en número máximo de plantas e/ou metros. Haberán de respectarse ambas.

Construcións por enriba da altura máxima

Sobre a altura máxima permitida non se permiten outras construcións que a cuberta cunha altura non superior a 4 m e as chemineas, antenas, instalacións para enerxía solar e instalacións especiais debidamente xustificadas pola actividade.

Planta baixa, semisoto e soto

Enténdese por planta baixa a planta inferior do edificio onde o solo se atopa á altura, por enriba ou debaixo da rasante da beirarrúa ou terreo en contacto coa edificación como máximo a 0,50 m por. Considérase planta sobre rasante.

Enténdese por semisoto aquela planta que tendo o solo a máis de 0,50 metros por debaixo da rasante ten o teito como mínimo a 0,50 e máximo de 1,50 metros por riba de dita rasante. Considérase planta baixo rasante.

Enténdese por soto aquela planta que ten o teito a menos de 0,50 metros por riba da rasante ou a calquera distancia por debaixo de dita rasante. Considérase planta baixo rasante.

Se pola configuración do terreo as condicións antes mencionadas variasen ao longo da liña de edificación exterior, a cualificación de soto, semisoto e planta baixa se adoptará nas partes das plantas que nese caso as cumpran.

Altura de planta

Entenderase por altura de planta a distancia vertical entre as caras superiores dos forxados de dúas plantas consecutivas.

Altura libre de planta

Entenderase como a distancia desde a superficie do pavimento acabado ata a superficie inferior do teito da planta correspondente.

Superficie ocupada

É a comprendida dentro dos límites definidos pola proxección vertical sobre un plano horizontal das liñas externas de toda a construción, incluso a subterránea. Para o conxunto da superficie ocupada non se terán en conta os beirís e marquesiñas.

Superficie edificada

É a comprendida entre os límites exteriores da construción da planta.

Superficie total edificada a teito ou solo

É a resultante da suma das superficies edificadas de todas as plantas

Edificabilidade máxima

Desígnase con este nome a medida da edificación permitida nunha determinada área de solo. Establécese polo total de metros cadrados de superficie total edificada suma de todas as plantas, dividido pola superficie da parcela edificable.

Área de movemento da edificación

É a superficie da parcela susceptible de ser ocupada pola edificación.

4.1.8. Condições xerais de uso

1. Son as condicións que regulan as diferentes utilizacións dos terreos e edificacións segundo a actividade que se produza.
2. Os usos divídense en permitidos, tolerados e prohibidos en base á súa adecuación a cada ámbito de solo e aos fins da ordenación e á compatibilidade dos usos entre si.
3. A regulación de usos en todas as parcelas establécese na ordenanza que resulte de aplicación.
4. De acordo coas prescricións de cada ordenanza poderán ser definidos como usos permitidos, tolerados ou prohibidos todos ou algúns dos seguintes:

A.-Uso Dotacional: É o que serve para prover aos cidadáns do equipamento que facilite e posibilite a súa educación, enriquecemento cultural, a súa saúde e benestar e para proporcionar os servizos propios da vida urbana tanto de carácter administrativo como de abastecemento ou infraestruturais. Distínguense os seguintes tipos de usos dotacionais:

- Uso Docente e Investigador. Comprende o uso dotacional correspondente ás actividades formativas e de ensinanza e as de investigación relacionadas coa creación, aplicación e difusión do coñecemento.
- Uso Cultural. Comprende as actividades culturais asociativas e da relación social que impliquen locais permanentes.
- Uso de Organismos Oficiais. Comprende as dotacións terciarias destinadas ao exercicio da administración pública, ao desenvolvemento das funcións públicas institucionais e á prestación de servizos públicos.

B.-Uso Oficinas: O que ten por finalidade a prestación de servizos ao público, ás empresas ou organismos, tales como os servizos de aloxamento temporal, comercio ou venda polo miúdo, servizos persoais, información, administración, xestión pública ou privada, actividades e servizos financeiros e profesionais.

4.2. NORMAS COMÚNS DA EDIFICACIÓN.

4.2.1. Condicións xerais

1. Esta ordenanza será aplicable en todo o ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A.
2. No ámbito do Proxecto Sectorial se autorizan os usos definidos no artigo 4.1.8, definindo para cada parcela, nas condicións particulares da edificación, os usos característicos, entendéndose como compatibles con calquera outros dos autorizados.
3. As condicións de edificación permitidas se particularizarán para cada unha das parcelas.
4. A totalidade da superficie sobrante non ocupada pola edificación, terá o tratamento de zona verde ou espazo público, coas condicións establecidas nesta normativa. A tales efectos o proxecto de construción deberá incluír o acondicionamento de ditos espazos.
5. Para os edificios de interese arquitectónico, estarase ao disposto na normativa de protección deste Proxecto Sectorial.

4.2.2. Parámetros e determinacións reguladoras

A edificación no ámbito do Proxecto Sectorial adecuarase ao definido nas ordenanzas particulares, planos de ordenación e parámetros establecidos, que serán os que seguen para cada unha das parcelas incluídas:

- Liña de edificación exterior.
- Altura máxima e número de plantas.
- Edificabilidade máxima.

4.2.3. Superficie edificable

Para os efectos do seu cálculo estarase ao establecido no artigo 41.4 da Lei de Solo de Galicia:

4.2.4. Sotos e semisotos

- Permítense semisotos. Poderanse dedicar a locais de traballo cando a superficie de ventilación e iluminación non sexan inferiores a 1/8 da superficie do local.

- Permítese sotos en número máximo de unha planta sempre e cando se xustifique debidamente a súa necesidade. Queda prohibido o uso dos sotos como locais de traballo.

4.3. NORMAS PARTICULARES DA EDIFICACIÓN.

A1. Edificio Siemens.

Contémplase a modificación do volume edificado actualmente existente coa posibilidade de eliminación dos elementos non catalogados e a nova edificación.

En todo caso, a ordenación dos volumes edificados deberá garantir unha dimensión mínima de paso libre de 4,00 m no espazo público circundante.

De acordo co artigo 4.2.1.4. a superficie sobrante non ocupada pola edificación se destinará a zona verde ou espazo público, e o proxecto que desenvolva a edificación deberá comprender o tratamento e adecuación deste espazo garantindo o seu uso e recomposición, así como a continuidade do tratamento superficial da urbanización do espazo público circundante.

A remodelación da edificación garantirá o mantemento de todos os elementos clave do edificio orixinario obxecto de catalogación e protección.

Uso característico: Dotacional e Oficinas.

Usos permitidos: Docente e Investigador, Cultural, Organismos Oficiais e Oficinas.

A altura máxima permitida será de baixo e unha planta no que respecta á edificación obxecto de protección, e baixo e dúas plantas na nova edificación, equivalente a unha altura máxima de coroación de 11,50 m.

A superficie construída máxima será de 2.650 m².

A2. Edificio Faraday.

O Proxecto Sectorial contempla a posibilidade da rehabilitación do edificio existente respectando a volumetría actual da edificación tal e como se reflicte nos planos de ordenación.

A remodelación da edificación garantirá o mantemento da forma de todos os elementos clave do edificio orixinario obxecto de catalogación e protección.

Uso característico: Dotacional.

Usos permitidos: Docente e Investigador, Cultural e Organismos Oficiais.

A liña de edificación será a resultante da reordenación volumétrica e respectará a traza existente da envolvente da edificación protexida.

A altura máxima permitida será de baixo e dúas plantas, baixo e tres plantas e baixo e cinco plantas, tal e como está reflitido nos planos de ordenación, e en ningún caso superará as liñas de cornixa existentes.

A superficie construída máxima será de 3.100 m².

4.4. NORMAS DE USO (DESENVOLVEMENTO DO PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE).

Os usos definidos no artigo 4.1.8 desta norma enténdense asimilados á clasificación de usos do artigo 3.3.2 da normativa do Plan Xeral Vixente, nos epígrafes a.Vivenda, g.Oficinas, k.Cultural e o.Organismos Oficiais, e estarán vencellados ás condicións que se explicitan na mesma.

4.5. NORMAS DE URBANIZACIÓN.

4.5.1. Execución do Proxecto Sectorial.

Para a execución do Proxecto Sectorial, redáctase o proxecto de obras e acondicionamento da urbanización que desenvolve as súas determinacións, de acordo coas presentes normas.

4.5.2. Obxecto, alcance e características xerais dos proxectos de obras e acondicionamento da urbanización.

1. O proxecto de obras e acondicionamento da urbanización ten por obxecto a definición técnica precisa para a realización da totalidade das obras de acondicionamento urbanístico do ámbito.
2. O proxecto de obras e acondicionamento da urbanización non poderá modificar as previsións do planeamento que executa -sen prexuízo das posibles adaptacións froito da execución material das obras- nin, en ningún caso, conter determinacións sobre ordenación e réxime do solo e da edificación, e sempre respectarán as condicións de accesibilidade da lexislación vixente ao respecto.
4. O proxecto de obras e acondicionamento da urbanización deberá resolver o enlace dos servizos urbanísticos do ámbito cos proxectados nos proxectos sectoriais PS-1 e PS-5 segundo a previsión do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA.

4.5.3. Contido dos proxectos de urbanización.

1. O proxecto de obras e acondicionamento da urbanización estará constituído polos documentos necesarios para a completa definición executiva das obras comprendidas, co detalle e complementos que requira.
2. O proxecto redactarase de xeito que permitan a persoas alleas aos autores a dirección e boa execución das obras, que deberán formar parte dun conxunto terminado, tal que o seu funcionamento sexa completo.

4.6. CONDICIÓN DA URBANIZACIÓN.

Condições do espazo público e zonas libres.

1. O proxecto de obras e acondicionamento da urbanización correspondente ao espazo público e zonas libres xustificará o sistema de rega elixido, a rede de iluminación que incorpore, e os elementos do mobiliario urbano.
2. O proxecto cumprirá as seguintes condicións:
 - a) Pendente máxima dos paseos do dez por cento (10%), excepto escaleiras.
 - b) A iluminación media dos paseos será igual ou superior a 7 lux., en servizo, cun factor de uniformidade maior ou igual a cero con vinte (0,20). a iluminación media de fondo será igual ou superior a 2 lux.
3. Os alcorques terán unha dimensión proporcional ao porte do arboredo, e en todo caso superior a oitenta (80) centímetros de diámetro.
4. Preservarase o nivel de solo das áreas que estean arborizadas.
5. O tronco dos plantóns das árbores de porte grande terán unha circunferencia de vinte e dous a vinte e catro (22-24) centímetros medida a un (1) metro de altura desde o arranque das raíces; as árbores de porte mediano terán de vinte a vinte e dous (20-22) centímetros e os de porte pequeno terán de dezoito a vinte (18-20) centímetros.
6. Todos os plantóns deberán conservar a guía principal e ter o tronco recto e plantaranse con titores, proteccións mecánicas, proteccións contra cans e ventos para asegurar o seu enraizamento e protexer o seu crecemento nos primeiros anos.
7. A plantación de arborado efectuarase na primeira etapa de urbanización de cada fase. A distancia mínima entre árbores e fachadas será de dous metros e medio (2.5 m).
8. Os materiais de pavimentación serán elixidos de acordo cun código funcional que distinga a categoría do espazo (circulación, peonil, estancial, etc,...).
9. Os percorridos peonís deberanse resolver con materiais que non dificulten a circulación de persoas e vehículos de man.

10. As tapas de arquetas, rexistros, etc,... deberán ser orientadas tendo en conta as xuntas dos elementos do pavimento e estarán ao nivel co seu plano, de xeito que non formen resaltos.
11. Será norma xeral en rúas con pendentes superiores ao 8% a recomendación de disposición dun pavimento antideslizante. Isto será obrigatorio para pendentes superiores ao 10%. Co obxecto de cumprir as normas sobre suspensión de barreiras arquitectónicas. Autorízase a instalación de ramplas e demais elementos de accesibilidade aos edificios.
12. A pendente mínima será do 0,8%, admitindo de xeito excepcional, pendentes menores sempre e cando o proxecto de solución adecuada ao drenaxe da plataforma mediante rigolas ou ampliación da frecuencia de sumidoiros, etc,...
13. Os sistemas de rega por circulación superficial deberán se deseñados de xeito que as augas non invadan as superficies pavimentadas. Os alcorques e regueiros deberán contar con proteccións no caso de seren profundos ou entrañar riscos para os peóns.
14. Os espazos libres deberán ser ordenados na súa totalidade, evitando espazos residuais sen tratamento.
15. Queda prohibida a plantación de arboredo sobre a vertical de calquera infraestrutura.

Condicións do Abastecemento de auga.

Abastecemento de auga potable

1. De cara ao dimensionamento da rede se preverá un consumo de trescentos (300) litros habitante-equivalente e día. Esta dotación enténdese de xeito global, isto é, incluíndo perdas na rede, rega de viais e zonas verdes.
2. En todo caso se deberán respectar as condicións técnicas que sexan prescritas por os provedores do servizo.
3. A rede interna proxectada deberá ser mallada, coa excepción dos seus ramais de menor xerarquía. Neste derradeiro caso os testeiros dos ramais contarán con dispositivos de desagüe á rede de saneamento. Calquera outra solución que non respecte este criterio será admisible sómente tras unha xustificación en detalle, en termos económicos e funcionais.
4. Os proxectos de abastecemento deberán incluír unha xustificación hidráulica da solución adoptada.
5. A velocidade da auga nas canalizacións principais deberá estar comprendida, salvo xustificación razoada en contra, entre 0,5 e 1,8 m/s.
6. As conducións deberán situarse a un nivel superior ao dos sumidoiros circundantes.
7. Os tubos, válvulas e pezas especiais dispoñeranse coa timbraxe suficiente para garantir a estanqueidade e durabilidade da rede. A presión normalizada de proba en fábrica non será inferior, en ningún caso, a 10 atmosferas. Os materiais cumprirán as condicións requiridas no Prego de Condicións Técnicas Xerais para canalizacións de abastecemento de auga.
8. Todas as acometidas dispoñerán de chave de paso rexistrable na vía pública.
9. O diámetro mínimo das conducións na rede será de 100 mm, de modo que poidan instalarse sobre elas hidrantes de diámetro 80 mm, se os hidrantes proxectados son de diámetro 100 mm o tubo do que se derivan terá un diámetro mínimo de 150 mm.

Condições do Saneamento.

Rede de saneamento

1. O saneamento realizarase polo sistema separativo, diferenciando augas negras, grises e pluviais, admitindo incorporar ás augas residuais unha proporción limitada das augas de choiva, de maneira que o resto vertan previo tratamento axeitado ou poidan ser utilizadas para a rega das zonas axardinadas ou limpeza. Para tal efecto os proxectos incorporarán solucións que permitan a separación das augas de chuva limpa das restantes augas residuais, previndo a súa incorporación ás zonas axardinadas facilitando a súa infiltración ou aproveitamento.
2. As seccións mínimas da rede de sumidoiros, tanto para a rede coma para acometidas e desaugadoiros de sumidoiros, serán de trinta (30) centímetros de diámetro e as velocidades máximas de tres (3) metros por segundo, cando os condutos sexan de cemento centrifugado ou vibrado. Poderán aumentarse a valores maiores adoptando tubos de plástico ou equivalentes pola dureza do seu revestimento, nos casos en que isto sexa preciso. En conducións de bombeo utilizaranse tubos de fundición.
3. As pendentes mínimas nos ramais iniciais serán do un por cento (1%), e nos demais determinarase de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas non descendan de cero con cinco (0,5) metros por segundo. Se fosen inferiores instaláranse, en cabeceira dos ramais, cámaras de descarga automática de auga limpa a capacidade destas será de cero con cinco (0,5) metros cúbicos para os sumidoiros de trinta (30) centímetros e de un (1) metro cúbico como mínimo para as restantes.
4. Para o cálculo da rede de sumidoiros adoptáranse como caudais de augas negras o medio e o máximo previstos para o abastecemento de auga, afectados ou non por un coeficiente reductor, o cal non poderá ser inferior ao 85%. Para os caudais de augas de choiva calcularanse, a partir de datos pluviométricos oficiais, os caudais máximos procedentes de choivas; con probabilidade de repetición cada dous anos, se as pendentes do terreo son apreciables, e con probabilidade de repetición cada cinco anos, se as pendentes de terreo son moi pequenas, para colectores que saneen áreas inferiores a cincuenta (50) hectáreas.
5. Será preciso realizar os cálculos necesarios para estimar o atraso na acumulación de caudais en conca.
6. As conducións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos libres públicos. Salvo imposibilidade técnica ou recubrimento mínimo do tubo, medido

desde a súa xeratriz superior, será de 1,00 m, preferiblemente 1,50 m, debendo situarse en todo caso a nivel inferior ás conducións de abastecemento circundantes.

7. Dispoñeranse pozos de rexistro cada 50 m, así como en todos os cambios de aliñación e rasante e nas cabeceiras.
8. Poderán utilizarse calquera dos materiais prescritos no Prego de Prescricións Técnicas xerais para canalizacións de saneamento de poboacións, coas condicións alí sinaladas.
9. As xuntas deberán ser estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións ríxidas de corchete, salvo que se xustifique mediante un tratamento adecuado a impermeabilidade das mesmas. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos, debendo tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

Condições do subministro de enerxía eléctrica

Redes de distribución

1. Serán subterráneas, e terán as seguintes características:

Baixa tensión: 380/220 V.

Alta tensión: Máximo 30 KV, dentro das normalizadas pola Administración competente.

Calquera subministro a tensión superior ás indicadas deberá ser sometido a aprobación previa, acompañado do correspondente estudo técnico-económico da Compañía subministradora xustificando o uso de dita tensión.

2. A rede de servizo da iluminación pública será independente da rede xeral e alimentarase directamente das casetas de transformación mediante circuíto subterráneo.

3. O cálculo das demandas de potencia en baixa tensión efectuarase de acordo cos graos de electrificación establecidos no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión ou disposición que o substitúa, se non, por previsións debidamente xustificadas en función do tipo de usuario a que se destina.

4. Cando a carga total correspondente a unha instalación sexa superior a 50 KVA., facilitarase á compañía subministradora de enerxía un local capaz para instalar o centro de transformación, nas condicións que se indican no Regulamento de Acometidas Eléctricas. En todo caso, o centro de transformación deberá reunir as debidas condicións técnicas.

5. Procurarase a integración dos centros de transformación na edificación, admitíndose a súa disposición subterránea sempre que resolvan o seu acceso desde a vía pública, e a súa drenaxe directa á rede de sumidoiros.

6. En todo caso calquera centro de transformación subterráneo deberá situarse deixando unha distancia libre maior de 1 m de calquera conducción ríxida existente (saneamento, abastecemento, telefonía, etc.).

7. Todas as instalacións satisfarán o determinado nos regulamentos electrotécnicos e normas vixentes, así como a normativa da compañía subministradora, sempre que esta non se opoña ao aquí establecido.

8. Con carácter previo á aprobación dos proxectos de desenvolvemento das actuacións deberá acreditarse a suficiencia das infraestruturas de enerxía eléctrica existentes ou proxectadas achegando para o efecto informe da empresa subministradora.

Iluminación pública

1. Na redacción dos proxectos de iluminación deberá cumprirse a regulamentación vixente, así como as normas e criterios que fixe o Concello.

Reflectiranse cantos cálculos e razoamentos se precisen para xustificar a instalación de iluminación adoptada e xustificarse a súa economía de funcionamento e conservación.

2. As tapas de conexións e mecanismos dos soportes atoparanse fóra do alcance dos nenos e terán un mecanismo de peche controlable. Os puntos de luz estarán protexidos por materiais irrompibles e os postes serán de materiais inoxidables.
3. Nas zonas arboradas os puntos de luz alternarán coas árbores.

Condicións das redes de telecomunicacións.

1. As redes do servizo de telecomunicacións deberán ser subterráneas, así como os distintos tipos de arquetas, e tenderán a concentrar nunha única canalización aos diferentes operadores do servizo. Os armarios de control que resulten necesarios quedarán integrados na edificación ou nos cerramentos de parcela, evitándose a súa interferencia ambiental.
2. As conexións, o deseño da rede e o seu cálculo realizaranse conforme aos criterios da compañías concesionarias e de acordo co disposto no Real Decreto 346/2011 de 4 de marzo que regula este tipo de infraestruturas. Condicións das redes de subministro de gas.

Condicións das redes de subministro de gas.

1. O deseño da rede e das instalacións complementarias, así como o cálculo, condicións dos materiais, probas, ensaios, condicións de control e mantemento deberá realizarse de acordo co establecido no *Reglamento de Redes y Acometidas de Combustibles Gaseosos* (O.M. 18.11.1974, O.M. 26.10.1983 e O.M. 06.07.1984) e das súas Instrucións Complementarias. A rede que se execute terá as características esixibles para o subministro, a través dela, de gas natural.

2. As conducións serán soterradas, así como as instalacións complementarias. Os foxos terán unha base firme, continua e exenta de materiais que poidan danar a condución. A súa profundidade será como mínimo de 0,60 m medidos desde a rasante do terreo.
3. As unións serán estancas e manterán o nivel de calidade do resto da canalización, cumprindo, en todo caso, as especificacións das Normas UNE que correspondan ao material utilizado.
4. A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 m en cruces e 0,40 m en paralelo para a Media Presión A e de 0,10 m en cruces e 0,20 m en paralelo para a Media Presión B e Baixa Presión.

4.7. NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL.

4.7.1. Patrimonio cultural e natural. Definición e catalogación.

Os bens suxeitos a protección de acordo coas determinacións do presente Proxecto Sectorial son os incluídos no Catálogo de elementos suxeitos a protección.

4.7.2. Normas de protección patrimonial e condicións estéticas.

No que respecta ao nivel de protección e ás actuacións autorizadas nas edificacións incluídas no ámbito do Proxecto Sectorial, estarase ao establecido nos artigos 41 e 42 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, en concreto no referido ao nivel de protección ambiental nos edificios Faraday e Siemens, tal e como figura no Catálogo de Elementos Suxeitos a Protección no Anexo do presente Proxecto Sectorial.

5. ESTUDO ESCONÓMICO FINANCEIRO.

5.1. VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCEIRA DA ACTUACIÓN.

O Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, avalía a súa viabilidade económico-financeira atendendo ás previsións de desenvolvemento temporal das actuacións contempladas, considerando a distribución convenida para a adquisición do solo e das edificacións existentes, e supoñendo unha distribución dos custos de urbanización ao longo de cada un dos dous quinquenios de execución previstos a partir da súa entrada en vigor.

Neste marco o Plan Sectorial establece unha asignación de custos para cada proxecto sectorial, incluído o PS-3A Área Científico-Tecnolóxica 2, referidos tanto a adquisición do solo e de edificacións como de urbanización e reurbanización interior.

A Universidade de Vigo afronta a redacción e execución do Proxecto Sectorial en base ao Convenio asinado coa Xunta de Galicia-Consellería de Facenda e Cultura, Educación e Educación Universitaria, para a rehabilitación do Edificio Faraday, e ao Convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo sobre a reversión dos terreos a favor da segunda que simultaneamente afronta a actuación de rehabilitación do Edificio Siemens.

5.2. AVALIACIÓN ECONÓMICA.

De seguido reproducíase o resumo do presuposto do proxecto de obras e reurbanización do Proxecto Sectorial PS-3A, sendo o custo similar ao previsto no Plan Sectorial á hora de avaliar a súa viabilidade económica.

RESUMO DE PRESUPOSTO

PROXECTO OBRAS E REURB. P. SECTORIAL.PS-3A AREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2.

CAPITULO	RESUMO	EUROS	%
C01	DEMOLICIONES, LEVANTADOS Y TRABAJOS PREVIOS	16.130,02	7,86
C02	MVTO. TIERRAS Y PAVIMENTOS	114.965,89	56,03
C03	RED ABASTECIMIENTO AGUA POTABLE	3.987,10	1,94
C04	RED SANEAMIENTO AGUAS FECALES Y PLUVIALES	19.500,70	9,50
C05	RED SUMINISTRO ELÉCTRICO	4.395,84	2,14
C06	RED TELECOMUNICACIONES	1.682,99	0,82
C07	JARDINERÍA, MOBILIARIO URBANO Y MUROS	9.623,07	4,69
C08	RED ILUMINACIÓN PÚBLICA Y LUMINARIAS	25.723,84	12,54
C09	RED DE GAS	1.648,02	0,80
C10	PLAN DE CONTROL DE CALIDAD	2.349,01	1,14
C11	GESTION DE RESIDUOS	1.500,00	0,73
C12	SEGURIDAD Y SALUD	<u>3.666,77</u>	1,79
TOTAL PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		205.173,25	
	13,00% Gastos xerais	26.672,52	
	<u>6,00% Beneficio industrial</u>	<u>12.310,40</u>	
	SUMA DE G.X. e B.I.	38.982,92	
	SUMA.....	244.156,17	
	21,00 % I.V.A.....	51.272,80	
TOTAL PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA		295.428,97	

ANEXO 1

Catálogo de Elementos suxeitos a protección.

Anexo 1.

Catálogo de Elementos suxeitos a protección.

PROXECTO SECTORIAL DA ÁREA CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA 2. PS-3A

PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA. VIGO

DENOMINACIÓN: EDIFICIO FARADAY

Edificio situado ao oeste do recinto da ETEA. Ten planta cadrada, patio central e catro torres, e unha altura de baixo e dúas plantas.

A estrutura do edificio está formada por muros perimetrais de carga de sillería e pilares de formigón armado.

A cuberta é a dúas augas rematada en tella árabe.









Os ocros das fachadas son en xeral pequenos e rectangulares con recercados en sillería e os da planta baixa das dúas fachadas principais teñen parteluz e están rematados en arco rebaixado.

O patio organiza a planta a modo de claustro.

NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL

Artigo 41, Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia

ACTUACIÓNS AUTORIZADAS: Artigo 42, Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia



PROXECTO SECTORIAL DA ÁREA CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA 2. PS-3A

PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA. VIGO

DENOMINACIÓN: EDIFICIO SIEMENS

Edificio situado ao oeste da praza de beiramar do recinto da ETEA, pechando unha das súas súas fachadas.

Ten planta rectangular, patio central e unha altura de baixo e unha planta.







Ao edificio principal engadíuselle posteriormente na parte traseira un volume para albergar a lavandería. Os muros perimetrais do edificio son mixtos formados por ladrillo oco dobre, cámara de aire e sillería, combinando esta estrutura con pilares de formigón armado. A cuberta é a dúas augas rematada en tella plana. A fachada principal enfatiza a simetría cun corpo central onde se localiza a porta principal de acceso ao edificio en planta baixa e un balcón con tres portas na primeira planta, rematado en arco rebaixado en un forntón con escudo e pináculos.

Os ocos das fachadas son rectangulares con recercados en sillería.

NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL

Artigo 41 Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia

ACTUACIÓNS AUTORIZADAS: Artigo 42 Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia



ANEXO 2

Informe Ambiental Estratégico



RESOLUCIÓN DO 19 DE ABRIL DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PROXECTO SECTORIAL PS-3 ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN SECTORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA, CONCELLO DE VIGO

Promotor: Universidade de Vigo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU)

Expediente: 2018AAE2147

Código web: 2037/2018

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O *Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo*, foi aprobado por acordo do Consello da Xunta o 23.02.2012 (DOG 04.04.2012). Conta con decisión de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica por Resolución do 27 de febreiro de 2008 da antiga Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. O apartado 6.1 da súa normativa establece que a execución de cada unha das actuacións obxecto do Plan requirirá a previa aprobación dos correspondentes proxectos sectoriais.
2. O día 18.01.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático recibiu un escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Proxecto sectorial PS-3 Área científico tecnolóxica 2 en desenvolvemento do Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA*. Achega a solicitude de inicio, o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta elaborados polo promotor.
3. O día 25.01.2018 esta Dirección Xeral iniciou, a través da súa sede electrónica, un período de consulta pública dos documentos recibidos, o cal finalizou o día 02.04.2018. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS


1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. Na sección 2ª do capítulo I, do título II regula a tramitación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica.
2. O artigo 30.1 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico a consultas das administracións afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción da solicitude.
3. O artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que a modificación ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaria pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do Proxecto sectorial

Ámbito de actuación: Terreos da área científica tecnolóxica 2, correspondentes ao ámbito PS-3A, que se inclúen no Campus Científico Tecnolóxico do Mar, situado ao nordeste da cidade de Vigo, na parroquia de Teis. Abrangue unha superficie de 4.180 m².



Ámbito do Proxecto sectorial.

Obxecto: Establecer a proposta de ordenación do ámbito PS-3A para permitir o desenvolvemento das actividades docentes, administrativas e de investigación que a Universidade de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo propoñen integrar no marco do programa Campus de Excelencia Internacional, en desenvolvemento do citado Plan sectorial.


Proposta: Consideráronse dúas posibles alternativas fronte a alternativa cero, que sería non desenvolver o Proxecto. A **alternativa 1** propón o mantemento da volumetría das edificacións existentes, permitindo a súa rehabilitación e o acondicionamento do espazo público, sen introducir modificacións significativas na súa conformación actual. A **alternativa 2** consiste na valorización do patrimonio e na integración dun proxecto de reurbanización que reforce o carácter ambiental do ámbito, polo que resulta a opción seleccionada.

A **ordenación proposta** incorpora os edificios Siemens e Faraday como elementos de recualificación da actuación, para o que se definen dúas parcelas (A1 e A2) asinándolle unha superficie máxima construída de 5.750 m².

O Proxecto regulará as obras necesarias para adaptar as citadas edificación aos novos usos requiridos. Tamén resolverá fóra do seu ámbito as reservas necesarias para prazas de aparcamento -nun mínimo de 50 prazas- que se localizarán preferentemente no ámbito do Proxecto do PS-4.



O borrador contempla a eliminación dos elementos desconformes do edificio Siemens e a súa recuperación, así como o mantemento das zonas axardinadas existentes, particularmente as incluídas no interior das edificacións para a súa posta en valor. Inclúe un anexo co Catálogo dos elementos suxeitos a protección nos que se inclúen os citados edificios, establecendo un nivel de protección ambiental.



Proposta de ordenación.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do Campus Científico Tecnolóxico do Mar destaca como conxunto harmónico desde o punto de vista ambiental e arquitectónico, ocupando as antigas instalacións do ETEA (escola de Transmisión e Electrónica da Armada). O conxunto está urbanizado a partir dun eixe viario central, cunha alameda que remata nunha praza construída sobre un areal da enseada de Teis e un peirao aberto á ría.

O PS-3A obxecto do Proxecto localízase en contacto coa praza central, ao leste da masa vexetal asociada ao cantil que cae desde o monte da Guía. Mais da metade da súa superficie (66%) está ocupada pola edificación e o resto (34%) forma parte do espazo público do campus, sendo de carácter eminentemente peonil. Dito espazo presenta un acabado en formigón, con diferentes niveis de conservación. Destaca a presenza dun murete de mampostería pétreo a xeito de contención do noiro do monte da Guía. Se ben o Campus presenta arborado de interese, o ámbito do Proxecto carece de espazos axardinados, no que destaca a vexetación existente nos patios interiores das edificacións.

Os edificios de Faraday e Siemens -comprendidos no ámbito- veñen identificados como elementos singulares de protección do patrimonio cultural no Catálogo do Plan sectorial. Estruturalmente o seu estado pode definirse en xeral como regular-bo. O edificio principal do Siemens conta cun engadido posterior na parte traseira para albergar a lavandería. O resto das construcións e instalacións do Campus sitúanse a ambos lados do eixe principal de acceso, concentrándose fundamentalmente no lado oeste, xunto ás instalacións deportivas, campo de fútbol e polideportivo.

En relación ao *Catálogo das paisaxes de Galicia*, o ámbito atópase na comarca paisaxística “Vigo litoral”, que forma parte da grande área paisaxística “Rías Baixas”. Sitúase dentro do espazo de interese paisaxístico recollido no POL “A Guía”.

Unha pequena parte do ámbito -edificio Siemens- está afectado polo liña de servidume de protección de costas.

En canto ás redes de infraestruturas, o documento sinala que o ámbito conta con liñas de acometida de diferentes servizos aos edificios.

3. Período de exposición pública e consultas previas

Recibiuse resposta da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio e da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Tamén se recibíuse un escrito do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Universidade de Vigo, que solicita que se considere como público interesado na tramitación do Proxecto sectorial.

Deberán considerarse a totalidade destas observacións no proceso de elaboración do Proxecto, para o cal se lle remiten os textos íntegros recibidos. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

En relación ás fichas do catálogo anexo ao Proxecto, sinala que se pode tomar como referencia o exposto no artigo 81.3 da LSG. Considera importante analizar os niveis de protección que se outorgan a cada un dos edificios nas fichas, tendo en conta as diferentes partes e elementos que compoñen os edificios e a necesidade de asignar a cada un deles distintos niveis de protección en función das súas características e necesidades. Deberán concretarse as actuacións necesarias para a recuperación e mellora dos edificios como, por exemplo, no edificio Siemens, a eliminación de engadidos que desvirtúan a imaxe e composición do edificio orixinal.

Valorarase aumentar o nivel de protección ambiental que se outorga na ficha aos edificios Faraday e Siemens, así como establecer distincións entre os niveis de protección dos distintos elementos que os compoñen. Considera importante definir o contorno de protección para asegurar a conservación dos bens e evitar a degradación ou desvirtuación do medio no que se implantan (art. 12.1 LPCG). Neste sentido, debería considerarse o contorno de protección das edificacións do ámbito do PS-3A desde o punto de vista do plan sectorial completo, tendo en conta outros espazos e edificios do patrimonio cultural que se atopan nos sectores próximos a este.

A ordenación do PS-3A deberá ter en consideración, ademais das preexistencias dentro do ámbito, os bens e espazos merecedores de protección que hai no seu contorno, como o Monte da Guía ou os edificios Morse e Kelvin. Estudaranse os accesos e a circulación dentro do PS en relación con estes elementos do contorno e coidando especialmente o espazo público da praza situada entre os edificios Siemens e Faraday. A normativa deberá regular as condicións estéticas para calquera actuación no ámbito.

En relación á rehabilitación e reutilización dos bens do patrimonio cultural, sinala que deberá analizarse en profundidade cada un dos edificios desde o punto de vista compositivo, construtivo e estrutural, de cara a súa consideración nos proxectos de rehabilitación. As intervencións que se pretendan realizar en bens catalogados terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Instituto de Estudos do Territorio

Respecto ao POL, informa que o Proxecto localízase na área continua de mellora ambiental e paisaxística e, ademais, está clasificada como espazo de interese paisaxístico.



Sinala que a proposta mantén a imaxe actual dos edificios singulares, potenciando a súa visibilidade e ordenando o espazo libre entre ambos, mediante unha praza secundaria que axudará a articulación dos volumes e a dar continuidade ao espazo verde situado na súa marxe. Considera que as cautelas contempladas no proxecto en relación á elección dos materiais ou especies vexetais, xunto ás condicións que se prevén para os espazos públicos e o interior dos edificios, resultan adecuadas para preservar a singularidade do conxunto.

Conclúe que, no que atinxe a súas competencias, o proxecto non provocará efectos paisaxísticos significativos.

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Informa dos establecementos de acuicultura autorizados no ámbito do concello de Vigo -se ben no ámbito territorial do PS-3 non consta ningún- e dos instrumentos relacionados coa acuicultura. Considera que non é previsible que as actuacións propostas no Proxecto sectorial teñan influencia no sector acuícola nin na planificación actual da acuicultura.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Analizada a documentación remitida, as características do ámbito afectado, así como as respostas ás consultas realizadas, fanse as seguintes consideracións:

O Proxecto sectorial establece a ordenación dun ámbito recollido no Plan sectorial do que deriva, pero non inflúe noutros plans ou programas, nin se considera pertinente para a integración de consideracións ambientais nin para a implantación da lexislación en materia de medio ambiente.

A proposta achegada non supón unha nova urbanización do ámbito, manténdose -e incluso reducindo- o actual nivel de ocupación do solo pola edificación, ao contemplar a eliminación dalgúns elementos discordantes. Así mesmo, o Proxecto contempla a rehabilitación das edificacións que contan con importantes valores arquitectónicos para adaptalos aos usos previstos no Plan sectorial, así como a mellora da urbanización do espazo público, o que contribuirá a súa integración paisaxística coa contorna.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados do desenvolvemento do Proxecto sectorial.

PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores, e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o *Proxecto sectorial PS-3 Área científico tecnolóxica en desenvolvemento do Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA, concello de Vigo*, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente. No entanto, para favorecer unha adecuada protección do patrimonio cultural, a proposta deberá integrar as consideracións sinaladas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Proxecto sectorial PS-3 Área científico tecnolóxica en desenvolvemento do Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA, concello de Vigo.**

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmaot.xunta.gal); remitirase á Universidade de Vigo e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, xunto á copia dos informes recibidos na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación do Proxecto sectorial.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase o Proxecto sectorial no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do Proxecto sectorial.



Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático




María Cruz Ferreira Costa


PLANOS DE INFORMACIÓN



















PLANOS DE ORDENACIÓN












PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2 DO PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO
 TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA EN VIGO
 DOCUMENTO DE TRAMITACIÓN
 ORD 04.01 INFRAESTRUTURAS. ABASTECIMENTO











- ÁMBITO PROXECTO SECTORIAL
- CANALIZACIÓN TELECOMUNICACIONS 2Ø110+2Ø110 EN GABIA (PS-1)
- CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIONS EN BANDEXA EN GALERÍA DE SERVIZO (PS-1)
- - - REDE INTERIOR DE TELECOMUNICACIONS 6Ø63
- ARQUETA DE ENTRADA ICT 100X70
- ⊠ ARQUETA TIPO A1 OPERADOR 1 + ARQUETA TIPO B1 OPERADOR 2
- ⊠ ARQUETA TIPO A2 ARMARIO OPERADOR 1 + ARQUETA TIPO B2 ARMARIO OPERADOR 2
- ⊠ ARQUETA TIPO A3 OPERADOR 1 Y ARQUETA TIPO B3 OPERADOR 2
- REDE GAS MPB 2<P<5 BAR PEØ160
- REDE GAS MPB 2<P<5 BAR PEØ90
- - - REDE INTERIOR DE GAS MPB PE Ø32
- ▶ ACOMETIDA DE GAS A EDIFICIO
- ⊠ VÁLVULA PROXECTADA
- ◐ CAP











PROXECTO DE OBRAS E ACONDICIONAMENTO DA URBANIZACIÓN

A. MEMORIA

1. ANTECEDENTES

1.1. EQUIPO AUTOR DO PROXECTO

O presente Proxecto de Obras e Acondicionamento da Urbanización desenvolve as obras no espazo público que dentro do PLAN SECTORIAL DE ORDENACION TERRITORIAL DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR NOS TERREOS DA ETEA en VIGO corresponden ao PROXECTO SECTORIAL PS-3A ÁREA CIENTÍFICO TECNOLÓXICA 2.

O equipo autor do proxecto é:

Alfonso DÍAZ REVILLA. Arquitecto. OFICINA DE PLANEAMIENTO, S.A.

Roberto Miguel FOLGUERAL ARIAS. Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Colaboradores:

Ángel Vicente FOLGUERAL ARIAS. Enxeñeiro Industrial.

Alberto FORJÁN ROIBAL. Arquitecto.

Samuel FOLGUERAL ARIAS. Arquitecto.

1.2. OBXECTO DO PROXECTO. PROGRAMA DE NECESIDADES

O presente Proxecto desenvolve a documentación necesaria para habilitar a área de intervención de infraestruturas viarias, peonil, servizos urbanos públicos, áreas libres e espazos destinados a edificación do ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A.

1.2.1. Servizos existentes nas proximidades da intervención

A desenvolver polo Proxecto Sectorial PS-1 *Área de viais, Espazos Libres e Infraestruturas do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar*, nas inmediacións do ámbito se proxectan as seguintes redes de servizos:

- Rede de Subministro de Enerxía Eléctrica.
- Rede de Abastecemento de Auga Potable.
- Rede Xeral de Saneamento.
- Rede de Augas Pluviais.
- Rede de Gas.
- Rede de Telecomunicacións.

1.2.2. Proposta de necesidades

En áreas libres e peonís plantéanse segundo planta de tramas de pavimentos tres tipos de acabados diferentes, a saber:

. **Acabado tipo 1.**

LATERAL LESTE AO EDIFICIO SIEMENS:

Pavimento de empedrado de granito pardo abuxardado en pezas de 20x10cm en planta e de 8 cm de espesor con superficie antiesvarante e sen resaltes na súa superficie nin nas xuntas que o conformen como superficie adaptada a uso de calquera tipo de usuarios.

Este empedrado terá un asento de 3 cm de morteiro de cemento 1:4 e unha base de formigón magro HM-15 de 15 cm de espesor para darlle elasticidade e á vez rixidez suficiente ao firme deseñado. Como subbase se disporase un encachado de grava 20-40 de 15 cm de espesor e explanada conformada cun paquete de 30 cm de solo seleccionado sobre a superficie de asento escavada previamente.

. **Acabado tipo 2.**

LATERAL SUR E OESTE AO EDIFICIO SIEMENS:

Pavimento de enlousado de granito pardo abuxardado en pezas de 100 x 50cm en planta e de 18 cm de espesor con superficie antiesvarante e sen resaltes na súa

superficie nin nas xuntas que o conformen como superficie adaptada a uso de calquera tipo de usuarios.

Este enlousado terá un asento de 10 cm de cama de arena silíceas e unha base de balastro artificial tipo ZA-25 de 25 cm de espesor e explanada conformada cun paquete de 30 cm de solo seleccionado sobre a superficie de asento escavada previamente.

. **Acabado tipo 3.**

PERÍMETRO LATERAIS LESTE, SUR E OESTE AO EDIFICIO FARADAY:

Pavimento de formigón acabado raiado cor gris con xuntas cada 4 metros en ambas direccións principais. O espesor do formigón será de 15 cm. Acabado obviamente antiesvarante como é preceptivo. Disporase inferiormente unha base de balastro artificial tipo ZA-25 de 25 cm de espesor e explanada conformada cun paquete de 30 cm de solo seleccionado sobre a superficie de asento escavada previamente.

No bordo do ámbito en contacto co talude mantense o actual muro de pedra coa correspondente limpeza e desbroce parcial do seu talude próximo. Ademais se expulsa no seu trasdós unha fronte drenante dirixida a dren lineal posterior, a verter na rede de pluviais do espazo a pavimentar. Ao pe do muro e como límite do pavimento deseñado mantense o actual canle de recollida de pluviais, rexuntado sen resalte e en forma de caz, que recollerá as augas de escorrentía pluviais ao ser a fronte do vertido lateral, e con sumidoiros interrompendo o seu percorrido derivar a auga pluvial á rede de pluviais do propio sector e con saída ás redes previstas no Proxecto Sectorial PS-1.

No espazo pavimentado con enlousado de granito dispoñeranse tres árbores de sombra nas posicións definidas en planos. Os seus alcorques realizaranse con empedrado de granito no seu interior con xunta verde e enrasado co pavimento exterior e interiormente en núcleo central, circundando o tronco da árbore con terra vexetal. O arborado sempre será servido en cepellón e de diámetro de tronco de 20 cm. A especie prevista será Acer Rurum (Arce).

Execútase a rede separativa de colectores de augas residuais e de pluviais segundo esquemas dos planos deste proxecto, e tomando como base os esquemas previstos no Plan Sectorial e naqueles que desenvolva o Proxecto Sectorial PS-1.

As edificacións dispoñerán de acometidas das redes nos puntos que defina a edificación. Non obstante destínase en orzamento unha acometida a cada rede para cada edificio incluído neste sector.

Execútase a rede de abastecemento de gas natural con acometidas ás edificacións previstas no ámbito.

Execútase a rede de abastecemento de auga potable segundo trazado en planos e con acometidas a edificacións previstas no ámbito.

A instalación de iluminación pública e de rede de subministro de enerxía eléctrica terá acometidas aos edificios previstos no ámbito, tal e como se indica en planos.

A rede de telecomunicacións de servizo ás edificacións acometerá ao ramal previsto no Proxecto Sectorial PS-1, prevéndose as acometidas correspondentes, non contemplándose por ilo proxecto específico de telecomunicacións.

No acondicionamento do espazo público se estará en todo momento aos criterios de accesibilidade vixentes. Neste sentido, e ao tratarse dunha actuación de reurbanización e acondicionamento dun espazo existente, indicar que non todas as circulacións peonís compren cos criterios de accesibilidade, existindo sempre percorrido alternativo adaptado. A orde VIV/561/2010 establece que os itinerarios peonís non terán máis do 6% de pendente lonxitudinal sempre que a topografía existente o permita.

Instalarase mobiliario urbano como bancos, papeleiras, etc.

2. TOPOGRAFÍA

Emprégase a cartografía básica existente sen necesidade dunha documentación topográfica adicional para a definición das actuacións previstas neste proxecto. Adxúntase esa cartografía nesta documentación.

3. CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DOS SERVIZOS

Os servizos dispuxéronse nas gabias previstas para iso cumprindo coa normativa específica de cada unha delas.

Todas as canalizacións serán con pozo de rexistro e con acometida a pozo de rexistro no caso de saneamento de pluviais e fecais.

Os servizos dispóñense de maneira óptima para evitar ao máximo os cruces.

Nos planos de cada conducción dispóñense os elementos auxiliares necesarios así como o seu trazado en planta e alzado dos mesmos se procede.

4. SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS

Propónse unha rede separativa de augas pluviais e residuais, conforme ao establecido polo Concello de Vigo e as especificacións concretas do Plan Sectorial.

A contorna próxima xa se construíu ou deseñou cunha rede separativa nas súas conducións xerais que servirán de base de vertido ou recollida para as redes do noso ámbito. Adoptarase en todo caso evacuación por gravidade.

Resólvese a rede de saneamento de fecais con conducións de PVC serie SN4 de diámetro exterior 315 mm segundo se indica en planos e con pozos de rexistro prefabricados de formigón circulares de diámetro de 1 m con tapa de rexistro de fundición dúctil de 60 cm de diámetro co distintivo troquelado de anagrama municipal e palabra de RESIDUAIS e con peche hermético e mecanismo de bisagra ou peche de axuste.

As acometidas ás edificacións existentes a rehabilitar conectaranse a pozos desta rede e serán de PVC-200 con pendente superior ao 1% en todo caso.

A rede de pluviais terá o mesmo tipo de material que a rede de saneamento, é dicir conducións de PVC serie SN4 de diferentes diámetros, segundo se especifica en planos, con pozos de rexistro prefabricados de formigón circulares de diámetro de 1m con tapa de rexistro de fundición dúctil de 60 cm de diámetro co distintivo troquelado de anagrama municipal e palabra de PLUVIAIS e con peche hermético e mecanismo de bisagra ou peche de axuste.

Conectaranse na rede de augas pluviais sempre a pozo as acometidas das edificacións existentes a rehabilitar con tubaría de PVC-200 con pendente superior ao 1%.

Os sumidoiros de recollida de augas de escorrentía do espazo público ou reixas de espazos libres se conectarán a pozo de rede de pluviais con acometida en tubaría de PVC-200 neste caso.

Xustificárase no anexo de cálculos hidráulicos os diámetros e trazados elixidos.

5. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Proxéctase unha rede mallada de auga potable que se apoia na rede municipal existente, entroncando a rede de FDØ100 da rúa Doutor Corbal coa rede interior do Plan Sectorial. Esta condución baixaría polo talude desde a rúa Doutor Corbal e se introduciría no ámbito do PS-3A co trazado en planta definido en planos ata entroncar coa rede xa externa augas abaixo pertencente ao Proxecto Sectorial PS-1.

As acometidas das edificacións SIEMENS e FARADAY serán a unha condución de PVC-63 prevista no sector PS-1. Ver planos.

A presión mínima dispoñible na rede nova a instalar estimouse con axuda dos responsables do servizo concesionario municipal de augas en 30 m.c.a.

Na rede de abastecemento de auga potable colocarase unha válvula de comporta no inicio do ámbito, a pe de talude e muro de contención, para poder cortar nese punto a malla coa rúa Doutor Corbal. Executarase un pozo individual para aloxar a chave realizado con tubaría afincada de PVC-200 con tapa de fundición de diámetro 200 mm.

Prevese no ámbito a colocación na rede de accesorios de fundición dúctil como un hidrante contra incendios de Ø100 e unha boca de rego de diámetro Ø40. Todo iso localizado estratexicamente para cumprir co Prego de Prescricións Xerais PG-3 e demais normativa de aplicación.

Xustificarse no anexo de abastecemento de auga potable os diámetros e trazados elixidos.

6. INSTALACION DE ALUMBRADO PÚBLICO

Diferéncianse dúas zonas a iluminar, unha correspondente á praza que intermedia entre os edificios con columnas modelo Ponte de aceiro inoxidable a 6 m de altura mediante luminarias Ponte sobre soporte descrito de inoxidable de SETGA e potencia de 28 W de LED con tecnoloxía eficiente, e outra para as zonas que delimitan os edificios co muro traseiro, que se iluminarán mediante proxectores HL formados por chasis de Aluminio AL-5754 mecanizado e anodizado encastrados en solo para iluminar os propios muros que separan os camiños laterais dos taludes de terra, de tal maneira que queden protexidos de axentes atmosféricos adversos e de actos vandálicos. Estes serán de SETGA e potencia de 18 W de LED altamente eficientes igualmente. Serán de clase II e grao de protección IP68 especialmente deseñadas para a corrosión. Todas estas luminarias terán un acendedor electrónico e de dobre nivel.

En todos os casos o deseño que predomina é o de LED de baixa potencia e gran eficiencia no conxunto reflector-lámpada-electrónica, cumprindo todos os parámetros das especificacións do regulamento de Eficiencia Enerxética sobre Alumbrado Exterior.

Todas as luminarias que se van a instalar no ámbito conterán a electrónica e tecnoloxía máis avanzada para ser competitivos en materia de sostibilidade e confort, e á vez non perder nin a estética nin o deseño acorde ao resto dos materiais que intervirán no deseño global do PS-3A.

A instalación disporá dos elementos de protección que se detallan nos esquemas unifilares, consistindo estes en interruptores automáticos diferenciais para protección da liña contra sobrecargas e cortocircuitos (relés magnetotérmicos) e para protección contra contactos indirectos (relé diferencial de alta sensibilidade), e un interruptor diferencial de cabeceira de 300 mA de sensibilidade.

O propio regulador estabilizado posúe os seus propios elementos de protección consistentes en magnetotérmicos por fase.

Estes elementos de protección irán aloxados nos correspondentes cadros de protección e manobra.

A instalación de posta a terra irá conectada mediante un cable de protección de 16 mm² debidamente illado e introducido no mesmo condutor tetrapolar e conectado ás masas das partes metálicas. A posta a terra constará dunha liña principal de terra directamente conectada ás correspondentes picas ata obter unha resistencia a terra máxima de 30 Ohmios e á cal estarán conectadas todas as derivacións da liña principal de terra que unen todos os puntos de luz do alumado, segundo ITC-BT-18.

As canalizacións realizaranse baixo tubo de PVC illado para unha tensión de 1000 V. Tenderanse ao longo da gabiá de 60 cm de profundidade e 40 cm de ancho. O tubo estará constituído por 3 cables de fase máis outro de neutro da sección especificada e un de terra de 16 mm². O tubo estará enterrado nun recheo de area de río de espesor 20 cm para asento do tubo. Por enriba ata unha altura de 50 cm se recheará de terra con tongadas de 20 cm de terra apisoada.

A arqueta de alumbrado terá unhas dimensións de 40x40 cm a unha profundidade de 70 cm en cruzamentos ou derivacións e de 60x60 cm no caso de saídas de cadros de mando de alumbrado. O tubo estará asentado sobre recheo do fondo da arqueta ata unha altura de 10 cm con grava de tamaño non superior a 3 cm. As arquetas serán de formigón prefabricado das dimensións descritas. Na soleira irá un formigón de 10 MPa e tamén 10 cm de espesor. A tapa da arqueta de alumbrado será de 50 x 50 cm e quedará enrasada co pavimento.

7. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA

A potencia estimada na zona electrificada aplicando o ITC-BT-10 do R.E.B.T. sobre previsión de cargas para subministros en BT no seu apartado 4, previsión de cargas en Edificios Comerciais ou de Oficinas será a seguinte:

Edificio Faraday: Superficie Edificable $3100 \text{ m}^2 \times 100\text{W/m}^2 = 310 \text{ KW}$

Edificio Siemens: Superficie Edificable $2650 \text{ m}^2 \times 100\text{W/m}^2 = 265 \text{ KW}$

11 puntos de luz en beirarrúas e arredores Edificios $\times 28 \text{ W/punto} + 8$ proxectores encastrados en solo $\times 18 \text{ W/proxector} = 452 \text{ W}$

- Outros usos = 10 KW

PREVISIÓN TOTAL DE CARGAS = 585,452 KW

LIÑA DE MEDIA TENSIÓN. ENTRONQUE E TRAZADO.

Para iso, se vai a realizar un único punto de entronque a partir dunha arqueta proxectada no PS-1, e se realizará todo nunha liña subterránea existente que pasa xunto ao PS-3A. Dita conexión será mediante unha arqueta en MT que conleva toda a aparamenta necesaria para derivar parte desa liña para dar subministro en MT ao citado Plan Sectorial. Nesa arqueta se introducirán así mesmo 4 tubos de PVC Ø 160 mm e 1 tubo de PVC Ø 125 mm dos cales 2 deles de Ø 160 mm irán introducidos cables de Al RHZ-1 de $3 \times 1 \times 240 \text{ mm}^2$ para estender a liña. A acometida realizarase en dobre bucle cun cable de ida e outro de volta do tipo de cable comentado. A liña que sae da acometida xeral irá introducida nas gabias creadas a tal efecto a unha profundidade de 100 cm como mínimo, con condutor illado baixo tubo e todo iso envolto nun tubo corrugado cuxas características se analizarán máis adiante cando se fale de condutores.

Desde ese punto de subministro eléctrico en MT previsto á entrada do Sector, onde discorrerá a liña de extensión existente, levarase pola pavimentación peonil ata unha arqueta situada xa dentro do Sector, unha derivación subterránea ata as arquetas próximas aos puntos previstos de conexión para alimentar en MT aos Centros de Transformación (CT) que se prevén construír para dar subministro en BT aos edificios.

A liña irá conectada co centro de transformación co cable calculado para a demanda de potencia coa canalización subterránea e coas características anteriormente especificadas. No centro de transformación producirase a redución de tensión de media tensión de 15 kV a baixa tensión de 400-230 V. Preveuse este deseño da liña por dous motivos principalmente:

1º Aforro económico, posto que a lonxitude da liña subterránea proxectada é moito menor, porque a acometida está moi próxima ao C.T.

2º Menores perdas de potencia ao ter moito menor tramo ata o transformador.

A lonxitude total da liña subterránea proxectada correspondente de media tensión desde a arqueta de entrada ao Sector ata a conexión interior que une as arquetas próximas aos Edificios é de 36 m de lonxitude:

O cable subterráneo introducido neste proxecto será un cable de aluminio de sección nominal 240 mm² con capa extruída de elastómero semiconductor, illamento de polietileno reticulado (PER), capa extruída de elastómero semiconductor pelable, pantalla metálica con cinta ou coroa de arames de CU, cuberta de policloruro de vinilo (PVC). Tipo RHV para media tensión entre os valores 12/20 Kv, segundo normas U.N.E. (Figura 1).

Outras características esenciais deste cable son:

- $\phi_{\text{ext.}} = 37,5 \text{ mm}$
- Peso = 1730 Kg/Km
- Capacidade de carga = 470 A.

A instalación destes cables illados estarán directamente enterrados en gabias, cubertos nun tubo de cor vermella de polipropileno de $\phi=160 \text{ mm}$ e outro ao lado baleiro do mesmo diámetro, así como un de $\phi=125 \text{ mm}$ para infraestruturas de telecomunicacións por cable de cor verde, a unha profundidade de 80 cm como mínimo dependendo do número de tubos a enterrar, posto que si hai 2 tubos por gabia será a unha profundidade de 1 metro e se é en cruce de calzada debe ir formigonado e estará a unha profundidade de 1,20 metros en terreo con leito e recheo de area con compactación do 95% do ensaio proctor normal debidamente preparado (Ver detalles dos planos). Disporase de rasillas enriba do cable a modo de protección mecánica. Disporase así mesmo dunha cinta de sinalización coa indicación de M.T. Os cables colocaranse de maneira que non se prexudiquen as súas propiedades funcionais (estanquidade nas botellas terminais, mantemento da presión do aceite, etc.).

Como na zona se van a instalar dous centros de transformación de 400 KVA. (un por cada edificio a alimentar) que estarán integrados nos edificios:

CENTRO DE TRANSFORMACION 1

$S_1 = 400 \text{ KVA.}$

$V = 230/400 \text{ V.}$

Potencia estimada para a parcela do Edificio da Universidade (Faraday), e alumbrado público = 285, 5 KW.

$I_{1 \text{ máx}} = \underline{412,08 \text{ A.}}$

Con estes datos necesitaremos dous ternas de cables tripolares de aluminio con illamento de XLPE para poder cubrir as necesidades de potencia en baixa tensión deses usos.

Sección do cable por intensidade máxima admisible: $2 \times 4 \times (1 \times 120 \text{ mm}^2)$.

CENTRO DE TRANSFORMACION 2

$S_1 = 440 \text{ KVA.}$

$V = 230/400 \text{ V.}$

Potencia estimada para a parcela do Edificio Consorcio da Zona Franca (Siemens), y outros usos futuros = 295 KW.

$I_{1 \text{ máx}} = \underline{425.80 \text{ A.}}$

Con estes datos necesitaremos dous ternas de cables tripolares de aluminio con illamento de XLPE para poder cubrir as necesidades de potencia en baixa tensión deses usos.

Sección do cable por intensidade máxima admisible: $2 \times 4 \times (1 \times 120 \text{ mm}^2)$.

8. TELECOMUNICACIÓNS

Plantéase a conexión dunha rede de Telecomunicacións xeral para todo o ámbito do proxecto sectorial PS-3A. Esta nova rede crearase a partir da rede xeral do Plan Sectorial 1 a modo de arqueta de entrada. Esta arqueta será das dimensións reseñadas en medicións e desde ese punto realizarase o enganche-acometida, de onde partirán as canalizacións que dotarán de servizo de Telefonía, TV e Internet aos usuarios finais dos edificios. Ao igual que noutros servizos realizaranse acometidas independentes de cada operador ata as arquetas de entrada de cada edificio.

En dita arqueta xeral acometerán os diferentes operadores que van a dar servizo, para despois derivalos en diversos tubos individuais (mínimo 2 tubos canalizados por operador previsto).

Realizarase unha gabia a modo de acometida formada polos tubos de PVC de diámetro 63 mm para dar servizo individual a cada edificio; esta será de 50 cm de ancho e 1 m de altura para aloxar os 6 tubos de PVC de diámetro 63 mm en 2 fileiras de 3 tubos; que irán aloxados sobre cama de area se discorren baixo beirarrúa e irán formigonados ata a cota superior da última fila de tubos se discorren baixo calzada. En ambos casos ata a cota de rasante do terreo rechearse con terra compactada ao 95% Proctor en diferentes tongadas ata o pavimento final que quede a cota de reposición de terreo.

Os condutores que dean servizo de Telecomunicacións serán fixados polas compañías subministradoras en función das necesidades demandadas e discorrerán por ditos tubos canalizados.

As arquetas de enlace nos puntos onde se derivará a rede para dar servizo ás edificacións previstas, estas terán unhas dimensións mínimas de 225x70x100 cm con tapas de fundición e totalmente estancas. Tamén se crearán arquetas de entrada aos edificios de dimensións 70x100x100 cm que albergarán os 4 tubos independentes para cada zona individual a dotar de servizo.

A canalización e arquetas proxectadas realizáronse de acordo coas especificacións contidas na Normativa de Planificación vixente da Compañía Telefónica (Norma Técnica NT-1.003) e da Normativa interna da Compañía R. Respecto a isto temos que dicir que na canalización se adoptará unha distancia de seguridade de 20 cm como mínimo respecto á de electricidade e de 30 cm respecto a conducións de rede de sumidoiros e auga potable.

9. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE GAS

A instalación de Gas Natural que dará servizo ao ámbito do Proxecto Sectorial PS-3A, será acometida desde a rede xeral de Gas, que conforme ao Proxecto Sectorial PS-1 discorre pola zona adxacente cunha tubaria de PE de MPB de ϕ 160 mm e outra que se conecta a esta xeral cunha tubaria de PE de MPB de ϕ 90 mm segundo se indica en planos. Desde dous puntos da rede se realizarán sendas arquetas con válvula de derivación para subministrar gas a cada un dos edificios. Estes ramais serán de PE ϕ 40 mm ata arqueta a pe de edificio con subministro de gas futuro, e terán as seguintes características:

- Partindo das redes mencionadas, proxéctanse os ramais de PE serie 80 SDR-11 de diámetro 40 mm tanto o tramo de gas individual que transcorre desde a válvula de derivación primeira ata o Edificio Faraday como o tramo que vai desde a válvula de derivación segunda ata o Edificio Siemens.
- Todos os ramais derivados das tubarias xerais situaranse en pavimento peonil dentro do ámbito de actuación; que serán en todos os casos de PE serie 80 SDR-11 de diámetro 32 mm e irán introducidos nunha gabia de 30 cm de ancho e 60 cm de profundidade cuxa escavación se realizará sobre terra por medios mecánicos. Esta gabia rechearse con area de río que envolverá o tubo e por enriba irá con recheo de terra ata cota de reposición do pavimento.
- Nos puntos onde se conecten as tubarias existentes coas novas a deseñar se realizarán por medio de válvulas de liña tipificadas e homologadas pola compañía subministradora.
- As acometidas serán individuais de PE serie 80 SDR-11 de diámetro 40 tanto para o edificio Faraday como para o Siemens, con arqueta individual de 15x15 cm deixando prevista a conexión futura ao armario ou punto de entronque do edificio.
- En todo caso os elementos da instalación que sexan necesarios (venteos, arquetas xerais, válvulas de corte, etc.) e as dimensións e criterios de instalación xeral e de acometidas serán fixados pola propia empresa subministradora.
- A rede principal deberá ser protexida e advertida a súa posición previamente polo contratista para evitar a súa rotura ou accidente sobre a mesma na execución das obras. O contratista se deberá poñer en contacto coa compañía subministradora para tal efecto.

10. PLAN DE OBRA

Preséntase un Plan de Obra estimativo no Anexo correspondente que contempla as temporalidades por actividade.

O plan preséntase en períodos de meses e a duración estimada total é de 3 MESES.

11. REVISIÓN DE PREZOS

Conforme ao establecido no regulamento aprobado polo Real Decreto 55/2017 que desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española non se prevén revisións de prezos neste tipo de obras.

12. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A continuación propónse a clasificación que se estima recomendable posúa o Contratista que opta á realización das obras do presente Proxecto, de acordo con Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifican preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro. Sobre estas bases propónse a seguinte clasificación do contratista:

Grupo G Subgrupo 6 Obras viais sen cualificación específica.

Categoría do contrato en función da anualidade media máxima: 1.

Non obstante este criterio é orientativo e será o organismo contratante o que decida aplicar ou non a esixencia de clasificación ao contratista.

13. ORZAMENTO

O Presuposto de Execución por Contrata desta actuación será de DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS VINTE E OITO EUROS con NOVENTA E SETE Céntimos (295.428,97 Euros)

Para a obtención deste valor tívose en conta que sobre o P.E.M. se aplican o 13% de Gastos Xerais e o 6% de Beneficio industrial e ao subtotal se lle aplica tamén un 21% de I.V.A.

14. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO

O Proxecto dispón dos seguintes documentos:

MEMORIA.

- 1. ANTECEDENTES**
- 2. TOPOGRAFÍA**
- 3. CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DOS SERVIZOS**
- 4. SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS**
- 5. ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**
- 6. INSTALACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO**
- 7. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA**
- 8. TELECOMUNICACIÓNS**
- 9. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRO DE GAS**
- 10. PLAN DE OBRA**
- 11. REVISIÓN DE PREZOS**
- 12. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**
- 13. ORZAMENTO**
- 14. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PROXECTO**
- 15. ÍNDICE DE PLANOS**
- 16. CONSIDERACIÓNS FINAIS**

ANEXOS.

ANEXO Nº1: TOPOGRAFÍA E REPLANTEO

ANEXO Nº2: SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS

ANEXO Nº3: REDES DE DRENAXE E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS

ANEXO Nº4: ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

ANEXO Nº 5: SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA

ANEXO Nº 6: ALUMBRADO PÚBLICO

ANEXO Nº 7: CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE

ANEXO Nº 8: CÁLCULO DE ESTRUTURAS

ANEXO Nº 9: PLAN DE OBRA

ANEXO Nº 10: ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

ANEXO Nº 11: REDE DE GAS

ANEXO Nº 12: PLAN DE CONTROL DE CALIDADE

ANEXO Nº 13: ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

ANEXO Nº 14: ESTUDO XEOTÉCNICO

ANEXO Nº 15: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

PREGO DE CONDICIÓN.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

2. CONDICIÓN QUE DEBEN REUNIR OS MATERIAIS, EXECUCIÓN DAS OBRAS E MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

MEDICIÓNS E ORZAMENTO.

1. MEDICIÓNS
2. CADRO DE PREZOS Nº1
3. CADRO DE PREZOS Nº2
4. ORZAMENTO PARCIAL
5. ORZAMENTO XERAL

PLANOS

15. INDICE DE PLANOS


ESCALA A3

01.	SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO	VARIAS
02.	CARTOGRAFÍA BASE	1/1.000
03.	PLANTA DE ACTUACIÓN	1/1.000
04.	PLANTA DE PAVIMENTOS	1/1.000
05.	SECCIÓNS TIPO	1/25
06.1	PERFÍS CARACTERÍSTICOS(1)	1/100
06.2	PERFÍS CARACTERÍSTICOS(2)	1/100
06.3	PERFÍS CARACTERÍSTICOS(3)	1/100
07.	DETALLES DA URBANIZACIÓN	1/50
08.1	PLANTA REDE DE ABASTECIMENTO	1/1.000
08.2	DETALLES DE ABASTECIMENTO	S/ESCALA
09.1	PLANTA REDES DE SANEAMENTO PLUVIAIS E RESIDUAIS	1/1.000
09.2	SANEAMENTO. PERFÍS LONXITUDINAIS	H 1/1.000, V 1/100
09.3	DETALLES DE SANEAMENTO	S/ESCALA
10.1	PLANTA REDE ELÉCTRICA M.T. E REDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA	1/1.000
10.2	DETALLES REDE ELÉCTRICA M.T. E REDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA (1)	S/ESCALA
10.3	DETALLES ILUMINACIÓN PÚBLICA (2)	S/ESCALA
11.1	PLANTA REDE DE GAS E REDE DE TELECOMUNICACIÓNS	1/1.000
11.2	DETALLES REDE DE GAS E REDE DE TELECOMUNICACIÓNS	S/ESCALA
12.	DETALLE MURO	1/25

16. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Co indicado no presente Proxecto considérase que quedan definidas as obras obxecto do mesmo.

A CORUÑA, maio de 2018



Asdo.: Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto

Asdo.: Roberto Folgueral Arias. Enxeñeiro de Camiños, C. e P.

ANEXOS Á MEMORIA


ANEXO Nº 1

Topografía e Replanteo

ANEXO Nº 1: TOPOGRAFIA E REPLANTEO

Utilízase a cartografía dispoñible do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar.

Incorpórase neste proxecto o plano esta cartografía.



ANEXO Nº 2

Saneamento de augas fecais

ANEXO Nº 2: SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS

COLECTORES DE FECAIS

Adoptarase a proposta de considerar para o cálculo dos colectores a dotación de augas fecais por edificacións previstas exclusivamente ao existir rede separativa. Ademais se incorpora o caudal da rede augas arriba existente a enlazar neste sector.

Plantéase unha rede sinxela cun único tramo a recoller o vertido da rede existente augas arriba (da rede municipal que recolle unha área desde as rúas Doutor Corbal e Oliveira augas abaixo polo talude existente ata o sector PS-3A) máis as do propio sector e verter augas abaixo en rede do sector PS-1 a construír.

A rede A cun único ramal de 4 pozos, recolle no primeiro pozo augas arriba a rede existente no talude externo ao sector e que procede desde as rúas Doutor Corbal e Oliveira, unha área dunhas 300 vivendas e unha superficie total de 60.000 m² aproximadamente e con vertido total unitario ao que se lle dá o carácter de fecal neste primeiro pozo.

As redes proxéctanse segundo a aportación de caudais estimados en cada pozo de cada tramo segundo a previsión de acometidas en cada un deles.

Suponse a efectos de cálculo un ano horizonte a 20 anos.

O cálculo do **caudal de augas fecais** se debe axustar ás consideracións seguintes:

- Caudal punta de augas negras.
- Catro habitantes por vivenda actualmente e 5 en ano horizonte.
- 250 litros por habitante e día de consumo de auga dadas as características do núcleo actualmente e 350 litros por habitante e día de consumo de auga en ano horizonte.
- Coeficientes punta de augas doméstica e cálculo de caudais punta:

$$\text{Para } Q > 2 \text{ l/seg.: } QDP = QDm + 2,6 (QDm)^{0.7} \quad \text{Para } Q < 2 \text{ l/s: } Qdp = 5,5 (QDm)^{0.2} \\ (\text{l/s})$$

Prevese o ano inicial cos dous edificios existentes no sector e de superficie construída 3.100 m² e 2.650 m², equivalentes a efectos de cálculo a 31 viv e 27 viv respectivamente. O edificio 2.650 m² construídos verterá a súa acometida noutra rede do sector adxacente por lóxica hidráulica.

En total temos unha estimación tipo de 31 vivendas tipo equivalentes no propio sector e no primeiro pozo augas arriba descarga un vertido de 300 vivendas en augas fecais:

Cálculo unitario por vivenda tipo do máximo caudal de augas residuais:

$$\text{Caudal medio actual: } 250 \text{ l/día/hab.} \times 4 \text{ hab./viv./} (86400 \text{ s/día}) = 0.0116 \text{ l./s./viv.}$$

Caudal medio ano horizonte: $Q_{Dm} = 350 \text{ l/día/hab.} \times 5 \text{ hab./viv.} / (86400 \text{ s/día}) = 0.0203 \text{ l./s./viv.}$

- Caudal punta unitario ano horizonte de residuais:
- Para $Q > 2 \text{ l/seg.}$: $Q_{P.\text{residuais}} = Q_{Dm} + 2,6 (Q_{Dm})^{0.7}$
- Para $Q < 2 \text{ l/s}$: $Q_{dp} = 5,5 (Q_{Dm})^{0.2} \text{ (l/s)}$

A media ponderada de coeficiente punta será entre 2,6 e 3.

Deseñaranse as redes para esta previsión de caudal en cada edificio en vivendas equivalente, tendo en conta o nº de vivendas equivalentes enganchadas en cada acometida e en cada pozo así como o reparto nos diferentes tramos de colector segundo a aportación deseñada en cada pozo, tendo en conta que a velocidade de circulación sexa maior de 0,3 m/s e menor de 5 m/s sempre que sexa posible pola topografía existente.

Tamén se limita a pendente en colectores de PVC coa condición de ser menor do 10%.

Como no primeiro pozo augas arriba verte tamén as augas pluviais de 300 vivendas existentes augas arriba e a área de 60.000 m², dos cales 10.500 m² son de viais e 30.000 m² de tellados e 19.500 m² de zonas verdes ou xardíns interiores e que consideramos fecais, o cálculo de caudais de pluviais axústase ás orientacións seguintes:

- Período de retorno: 10 años.
- Tempo de concentración en tellados: 15 min.
- Tempo de concentración en viais e beirarrúas: 15 min.
- Tempo de concentración en zonas verdes: 15 min.
- Coeficiente de escorrentía en tellados: 0,7.
- Coeficiente de escorrentía en viais: 0,9.
- Coeficiente de escorrentía en espazos verdes ou pavimentos térreos: 0,25.
- Deseño para poboación actual e futurible.
- As acometidas domiciliarias ou de vivendas colectivas serán de PVC-200 con entronque reforzado a pozo de rede.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS DE TELLADOS ÁREAS COLECTORES EXISTENTES CON VERTIDO A ESTA REDE DE FECAIS

$$Q = C \times I_t \times S$$

C= Coeficiente de escorrentía en tellados estímase de valor 0,7.

I_t = Intensidade de chuvia en litros por segundo e Ha, correspondente á máxima precipitación para un período de retorno dado e a duración correspondente ao tempo de concentración.

S= Superficie das zonas afluentes ao punto considerado en hectáreas.

Dos datos pluviométricos recompilados por Fco. Elías e Luis Ruíz, que poden considerarse os máis completos e elaborados de España, obtense:

Para a zona de VIGO propónse a seguinte ecuación:

$I_M = 904,2 (t)^{-0,61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de 15 minutos xa que ao ser inferior a este valor tómase este como límite inferior.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

Por lo tanto, $I_t = 173,32$ l./s./Ha.

$$Si \quad Q = C \times I_t \times S$$

Sabemos que C=0,7 e Superficie total estimada de tellados = $300.00 \text{ m}^2 = 3 \text{ Ha}$.

Caudal total de escorrentía en tellados $Q = 173,32 \times 0,7 \times 3 = 364$ l./s.

Este caudal é a suma total de todas as augas pluviais procedentes de tellados das 300 vivendas ou edificios existentes na área recollida augas arriba do sector PS-3A con vertido ao mesmo.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS EN VIAIS E ÁREAS URBANIZADAS:

$$Q = C \times I_t \times S$$

C= Coeficiente de escorrentía en viais (beirarrúas, áreas peonís, calzadas e aparcamentos) estímase de valor 0,9.

I_t = Intensidade de chuva en litros por segundo e Ha, correspondente á máxima precipitación para un período de retorno dado e a duración correspondente ao tempo de concentración.

S= Superficie das zonas afluentes ao punto considerado en hectáreas.

$I_M = 904,2 (t)^{-0.61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de $t = 0,3 \times L^{0.76} \times p^{-0.19}$

(onde L é a máxima distancia en Km que é 0,8 Km e p a pendente media de recollida no terreo é dun 8,5 %) polo tanto $t = 24$ minutos.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

Polo tanto, $I_t = 130,12$ l./s./Ha.

Se $Q = C \times I_t \times S$.

Sabemos que $C = 0,9$ e $S = 1,05$ Ha.

Caudal total de escorrentía de augas pluviais en viais e áreas peonís será:

$Q = 130,12 \times 0,9 \times 1,05 = 122,96$ l./s. Co que temos o caudal total e máximo a recoller na rede de pluviais por este concepto.

Este caudal é a suma total de todas as augas pluviais procedentes de viais da área existente augas arriba do noso sector con vertido ao mesmo.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS EN ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES:

Áreas verdes, xardíns, espazos privados e libres tendo en conta un $C=0,25$

Con $S = 0,1$ Ha.

$I_M = 904,2 (t)^{-0.61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de $t = 0,3 \times L^{0.76} \times p^{-0.19}$

(onde L é a máxima distancia en Km que é 0,8 Km e p a pendente media de recollida que será do 10,5 %) polo tanto $t = 23$ minutos.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

$$I_t = 132,4 \text{ l./s./Ha.}$$

$$\text{Si } Q = C \times I_t \times S$$

Sabemos que $C = 0,25$ e $S = 1,95 \text{ Ha.}$

Caudal total de escorrentía de augas pluviais en áreas libres será:

$$Q = 132,4 \times 0,25 \times 1,95 = 64,55 \text{ l./s.}$$

Este caudal do lado da seguridade estimamos que se recolle en colectores de augas pluviais do lado da seguridade.

Co que temos o caudal total e máximo a recoller no pozo inicial augas arriba da nosa rede no sector PS-3A procedente das augas pluviais dos colectores existentes augas arriba con vertido final ao mesmo.

Caudal total de pluviais xerados augas arriba do sector PS-3A e que verten no primeiro pozo augas arriba da rede de fecais do mesmo:

$$Q = 364 + 122,96 + 64,55 \text{ l./s.} = 551,51 \text{ l./s.}$$

Detállanse os resultados a continuación dos cálculos realizados.

Utilízase para o cálculo hidráulico un programa de computador que nos dá en cada caso as pendentes, diámetro, grao de enchido e caudal, altura de lámina e velocidades correspondentes a valores máximos e mínimos. Este programa de computador denomínase MANNING e é de programación propia por Roberto Folgueral Arias.

CÁLCULO DETALLADO DOS CAUDAIS DE CADA RAMAL DE SANEAMENTO

RAMAL A1: $\phi=500$ mm. de PVC Pozos 0 a 2 e

$\phi=400$ mm. de PVC pozos de 2 a 4.

Este ramal consta de 4 pozos coas seguintes incorporacións de caudal máximo en cada un deles.

- P4 Q=551,51 l./s. (caudal de pluviais rede vertente existente augas arriba) + 15,30 l./s. (caudal punta de fecais rede vertente existente augas arriba)
- P3 Q=0,00 l./s. (sen aporte específico)
- P2 Q=0,00 l./s. (sen aporte específico)
- P1 Q=4.80 l./s. (caudal punta de fecais das 25 vivendas equivalentes ao edificio Siemens)

O caudal total do ramal é de $Q_t = 571,61$ l./s.

O caudal mínimo da rede de saneamento sería o correspondente ao caudal medio de residuais sen maiorar e sen ter en conta a simultaneidade e a previsión futura cun caudal unidade por vivenda equivalente estimado de 0,01 l./s. e co reparto proporcional de igual maneira que o cálculo con caudal máximo.

As acometidas dispoñeranse a pozo por enriba da clave da tubaría da rede a cota de vertido da acometida cunha pendente mínima de 1% e cunha estimación de 8 m de lonxitude entre o límite de parcela e a conexión de enganche a pozo da rede de saneamento. Propoñerase tubaría de PVC-200.

Cálculos hidráulicos de tubería de saneamiento. Fecales

COLECTOR A1 PVC-400mm. y PVC-500 mm

Tramo	Caudal añadido (m ³ /s)	Caudal acumulado (m ³ /s)	Coefficiente de rugosidad tubería	Pendiente (%)	Diámetro interior tubería (m.)	Altura de llenado (m.)	Porcentaje llenado (%)	Velocidad (m/s)	Ángulo (grados)	Caudal mínimo
1	0,56681	0,56680	0,00900	10,000	0,400	0,222	57,100	7,899	96,416	0,08097
2	0,00000	0,56680	0,00900	6,500	0,400	0,256	67,541	6,678	106,213	0,08097
3	0,00000	0,56680	0,00900	2,730	0,500	0,288	59,523	4,850	98,635	0,08097
4	0,00480	0,57160	0,00900	2,730	0,500	0,289	59,911	4,859	98,994	0,08166

ANEXO Nº 3

Redes de drenaxe e recollidas de augas pluviais

ANEXO Nº3: REDES DE DRENAXE E RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS

REDES DE AUGAS PLUVIAIS

Ao deseñarse en todo o Plan Sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico un sistema de rede separativa de recollida de augas, residuais por unha condución e de recollida de augas pluviais por outra; deseñarase a rede de augas pluviais para os caudais punta procedentes de tellados, áreas de urbanización (calzadas, beirarrúas, aparcamentos e áreas peonís) e espazos libres (as áreas pavimentadas que son térreas ou de xunta verde e as propias zonas verdes ou espazos libres, os seus xardíns públicos e privados y demais índole).

O cálculo de caudais da rede de pluviais axústase ás orientacións seguintes:

- Período de retorno: 10 anos.
- Tempo de concentración en tellados: 15 min.
- Tempo de concentración en vias e beirarrúas: 15 min. Ou a calcular
- Tempo de concentración en zonas verdes: 15 min. Ou a calcular.
- Coeficiente de escorrentía en tellados: 0,7.
- Coeficiente de escorrentía en vias: 0,9.
- Coeficiente de escorrentía en espazos verdes ou pavimentos térreos: 0,25.
- Deseño para poboación actual e futurible.
- Tubarias de canalización de augas residuais de PVC serie 5 e sumidoiros en calzada ou espazos libres con acometidas como criterio xeral de PVC-200 a cada pozo reforzada con formigón: HM-20. Pode ser de PVC-315 no noso caso por ser reixas de gran lonxitude a pé de muro e recoller o drenaxe do trasdós dos muros. As acometidas domiciliarias ou de vivendas colectivas ou edificios públicos serán de PVC-200 con entronque reforzado a pozo de rede.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS DE TELLADOS NAS EDIFICACIÓNS DAS PARCELAS:

$$Q = C \times I_t \times S$$

C= Coeficiente de escorrentía en tellados estímase de valor 0,7.

I_t = Intensidade de chuvia en litros por segundo e Ha, correspondente á máxima precipitación para un período de retorno dado e a duración correspondente ao tempo de concentración.

S= Superficie das zonas afluentes ao punto considerado en hectáreas.

Dos datos pluviométricos recompilados por Fco. Elías e Luis Ruíz, que poden considerarse os máis completos e elaborados de España, obtense:

Para a zona de Vigo estímase unha ecuación que rexe as intensidades medias máximas de curta duración que é a seguinte:

$I_M = 904,2 (t)^{-0.61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de 15 minutos xa que ao ser inferior a este valor tómase este como límite inferior.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

Polo tanto, $I_t = 173,32$ l./s./Ha.

Se $Q = C \times I_t \times S$

Sabemos que $C = 0,7$ e Superficie total estimada de tellados = $1400 + 1200 \text{ m}^2 = 0,26$ Ha.

Caudal total de escorrentía en tellados $Q = 173,32 \times 0,7 \times 0,26 = 31,54$ l./s.

Este caudal é a suma total de todas as augas pluviais procedentes de tellados do sector e se planteará a parte proporcional a desaugar en cada pozo de cada ramal por este concepto.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS EN VIAIS E ÁREAS URBANIZADAS:

$Q = C \times I_t \times S$

$C =$ Coeficiente de escorrentía en espazos urbanizados do sector (beirarrúas, áreas peonís, calzadas e aparcamentos) estímase de valor 0,9.

$I_t =$ Intensidade de chuva en litros por segundo e Ha, correspondente á máxima precipitación para un período de retorno dado e a duración correspondente ao tempo de concentración.

$S =$ Superficie das zonas afluentes ao punto considerado en hectáreas.

Para a zona de VIGO proponse a seguinte ecuación:

$I_M = 904,2 (t)^{-0.61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de $t = 0,3 \times L^{0.76} \times p^{-0.19}$

(onde L é a máxima distancia en Km que é 0,15 Km e p a pendente media de recollida no terreo é de un 6%) polo tanto $t = 7,3$ minutos.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

Polo tanto, $I_t = 269,71$ l./s./Ha.

Se $Q = C \times I_t \times S$.

Sabemos que $C = 0,9$ e $S = 0,15$ Ha.

Caudal total de escorrentía de augas pluviais en viais e áreas peonís será:

$Q = 269,71 \times 0,9 \times 0,15 = 36,41$ l./s. Co que temos o caudal total e máximo a recoller na rede de pluviais por este concepto.

Este caudal é a suma total de todas as augas pluviais procedentes de espazos urbanizados do sector viais e se planteará a parte proporcional a desaugar en cada pozo de cada ramal por este concepto tendo en conta a pendente do colector en cada caso e a súa capacidade hidráulica.

CÁLCULO DO CAUDAL DE AUGAS PLUVIAIS EN ZONAS VERDES (TALUDES E DRENAXE MUROS NESTE CASO:

Áreas verdes e libres tendo en conta un $C = 0,25$

Con $S = 0,1$ Ha (só se inclúe a zona de trasdós do muro que drena augas ao mesmo e polo trasdós conectamos á rede interior de pluviais):

$I_M = 904,2 (t)^{-0,61}$ t é a duración da precipitación en minutos e a facemos coincidir co tempo de concentración.

Neste caso estímase un tempo de concentración de $t = 0,3 \times L^{0,76} \times p^{-0,19}$

(onde L é a máxima distancia en Km que é 0,1 Km e p a pendente media de recollida que será do 40%) polo tanto $t = 3,75$ minutos.

Considérase un período de retorno de 5 anos.

$$I_t = 405,45 \text{ l./s./Ha.}$$

$$\text{Si } Q = C \times I_t \times S$$

Sabemos que $C=0,25$ e $S= 0,20$ Ha.

Caudal total de escorrentía de augas pluviais nestes taludes próximos ao muro será:

$$Q = 405,45 \times 0,25 \times 0,20 = 20,28 \text{ l./s.}$$

Co que temos o caudal total e máximo a recoller na rede de pluviais. Este caudal é a suma total de todas as augas pluviais procedentes de pluviais de tellados das edificacións e dos espazos urbanizados e os taludes e drenaxe do muro límite da actuación.

Caudal total de pluviais xeradas no sector a recoller en redes específicas:

$$Q = 31,54 + 36,41 \text{ l./s.} + 20,28 = 88,23 \text{ l./s.}$$

Por seguridade e tendo en conta as futuras conexións establécese un coeficiente de maioración de 1,25 co que teremos un total de augas pluviais a recoller no ámbito de: 110,29 l./s.

Utilizouse para o cálculo un programa de computador que nos dá as pendentes, grao de enchido e caudal máximo, altura de lámina e velocidades correspondentes aos valores máximos de cada colector pormenorizado.

CÁLCULO DETALLADO DOS CAUDAIS DE CADA RAMAL DE AUGAS PLUVIAIS.

Para este cálculo utilizaremos o valor anteriormente achado para a totalidade da área de influencia e se deberá ter en conta as augas pluviais xeradas no ámbito e que se desaugarán en redes existentes nos viais perimetrais exteriores en cada caso.

A rede proxectada A desaugará en rede prevista augas abaixo no sector PS1 do Plan Sectorial nunha rede de PVC Ø630 cm.

A rede proxectada B simplemente é unha tubaría de PVC-315 que recolle o drenaxe de parte do muro e a reixa de recollida de augas pluviais do espazo pavimentado urbanizado desde un sumidoiro intermedio que deriva esa escorrentía á rede exterior prevista no Plan Sectorial nunha rede de PVC Ø500. Ver planos.

Para as augas pluviais propias do sector a pavimentar terase en conta unha ponderación en cada pozo da estimación de caudal a recoller segundo a seguinte expresión:

$$Q_p = A_i Q_T + A_j Q_v + Q_{ext}$$

Sendo Q_T o caudal total de recollida de pluviais procedentes de tellados.

Sendo Q_v o caudal total de recollida de pluviais procedentes de viais e demais espazos urbanizados.

Q_{ext} é o caudal procedente de augas arriba da urbanización que deberán ser recollidas. Se as houberse. Non é o caso deste polígono.

A_i , A_j son factores multiplicativos tal que para todos os pozos da rede se cumpre:

$$\square A_i = 1 \quad \square A_j = 1$$

Tendo en conta estes factores pásase a discretizar cada ramal de rede coas súas aportacións de caudal e tipo de tubaría, así como o cálculo hidráulico a continuación de cada ramal.

RAMAL A1: $\phi=315$ mm de PVC

Este ramal consta de 2 pozos coas seguintes incorporacións de caudal máximo en cada un deles tendo en conta a parte proporcional de caudal de escorrentía de viais e de augas pluviais de tellados.

- P0 $Q= 0$ l./s. conexión no colector externo previsto Plan Sectorial.
- P1 $Q= 19,04$ l./s.
- P2 $Q= 31,20$ l./s.

O caudal total do ramal é de $Q_t = 50,24$ l./s.

RAMAL B1: $\phi=315$ mm de PVC

Este ramal consta de 1 pozo coas seguintes incorporacións de caudal máximo en cada un deles tendo en conta a parte proporcional de caudal de escorrentía de viais e de augas pluviais de tellados.

- P1 $Q= 14,56$ l./s. conexión no colector externo previsto Plan Sectorial.
- P2 realmente sumidoiro que rompe a canaleta de reixa pé de muro $Q= 17,36$ l./s.

O caudal total do ramal é de $Q_t = 31,92$ l./s.

O caudal mínimo da rede de saneamento sería o correspondente ao caudal medio de residuais sen maiorar e sen ter en conta a simultaneidade e a previsión futura cun caudal unidade por vivenda estimado de 0,01 l./s. e co reparto proporcional de igual maneira que o cálculo con caudal máximo.

As acometidas dispoñeranse a pozo por enriba da clave da tubaría da rede a cota de vertido da acometida cunha pendente mínima de 1% e cunha estimación de 8 m de lonxitude entre o límite do edificio e a conexión de enganche a pozo da rede de saneamento de pluviais. Propoñerase para edificacións como as deste sector tubaría de PVC-200.

Cálculos hidráulicos de tubería de augas pluviais

COLECTOR B1 PVC-315mm

Tramo	Caudal añadido (m3/s)	Caudal acumulado (m3/s)	Coficiente de rugosidad tubería	Pendiente (%)	Diámetro interior tubería (m.)	Altura de llenado (m.)	Porcentaje llenado (%)	Velocidad (m/s)	Ángulo (grados)	Caudal mínimo
1	0,01456	0,01460	0,00900	2,500	0,300	0,052	11,654	1,767	49,303	
2	0,01736	0,03190	0,00900	2,560	0,300	0,077	20,140	2,242	60,703	

COLECTOR A1 PVC-315mm

Tramo	Caudal añadido (m3/s)	Caudal acumulado (m3/s)	Coficiente de rugosidad tubería	Pendiente (%)	Diámetro interior tubería (m.)	Altura de llenado (m.)	Porcentaje llenado (%)	Velocidad (m/s)	Ángulo (grados)	Caudal mínimo
1	0,03120	0,03120	0,00900	2,560	0,300	0,076	19,816	2,227	60,318	
2	0,01904	0,05020	0,00900	2,560	0,300	0,097	27,859	2,551	69,181	

ANEXO Nº 4

Abastecemento de auga potable

ANEXO Nº4: ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

O subministro de auga do sector PS-3A está condicionado polos puntos de entronque coas redes existentes do abastecemento municipal de Vigo e o resto da rede programada polo Plan Sectorial no resto de sectores adxacentes.

Augas arriba do muro limítrofe do noso sector ao oeste do mesmo proxéctase unha tubaría de FDØ100 polo Plan Sectorial, que procede da Rúa Doutor Corbal, con obxecto de anillar a rede municipal e optimizala.

Nese punto de conexión co muro e inicio do sector se entronca a tubaría descrita e se prolonga un tramo de tubaría enterrada de FDØ100 polo interior do PS-3A segundo xeometría descrita en planos, que se dota de hidrante e boca de rega, conectando este tramo augas abaixo en entronque en sector adxacente PS1 quedando así a rede anillada (ver plano de rede de abastecemento).

As dúas edificacións deste sector teñen prevista a súa acometida de auga potable polo sector limítrofe PS1 a outra conducción prevista no plan sectorial en principio de PVCØ63 mm.

As características xerais que deben cumprir estas novas redes de abastecemento son:

- 1.-A tubaría de fundición dúctil para abastecemento será tipo Natural Clase 30/40, de 6 metros de lonxitude conforme á Norma EN 545:2010.
- 2.-Terán un revestimento exterior de alleación de Zinc-Aluminio 400gr/cm² nunha proporción 85%/15%, segundo o Anexo D da citada norma, e epoxi azul de espesor medio non inferior a 100 µm.
- 3.-Terá un revestimento interior de morteiro de alto forno conformidade coa norma UNE-EN-545:2011.
- 4.-Levará unha unión mediante xunta automática Standard tipo bilabial conforme a norma EN 681.1:1996 con posibilidade de acerroxado mecánico tipo Ve.
- 5.-O diámetro mínimo en tubaría xeral de distribución de auga será de 100 mm .
- 6.-As acometidas de auga potable deben ser en tubo de serie PE-100 PN 16 atm. As acometidas para vivendas plurifamiliares ou edificacións públicas grandes como neste caso, deben instalarse independente para cada portal do edificio en diámetro 50 mm e accesible desde a vía pública, preferentemente desde a beirarrúa contigua.

As acometidas para vivendas unifamiliares deberán ser iguais con diámetro 32 mm. Igualmente nas edificacións realizarase outra nova acometida para abastecer a rede contra-incendios independente da acometida principal; esa acometida realizarase en PE-70 mm e levará o seu propio contador da sección igual que a acometida de auga potable.

En función do caudal que seguidamente se calculará por medio dun programa se dimensionarán as redes das tubarías que dotarán de auga potable ás edificacións. Este programa idealiza a rede nun modelo tridimensional e maiora as lonxitudes dos tramos para absorber as perdas de carga das pezas especiais (válvulas, acometidas, ventosa, etc.) e establecer así un modelo equivalente.

Suponse a efectos de cálculo un ano horizonte a 20 anos.

O cálculo do caudal axústase ás consideracións seguintes:

- Catro habitantes por vivenda actualmente e 5 en ano horizonte.
- 250 litros por habitante e día de consumo de auga dada as características do núcleo actualmente e 350 litros por habitante e día de consumo de auga en ano horizonte.
- Coeficiente punta: 2,4 produto de estimar o consumo diario medio en 10 horas do día.

Prevese que no ano inicial existen como máximo 58 vivendas equivalentes (31+27 nos dous edificios).

Caudal dotación consumo de auga potable:

$$350 \text{ l/día/hab.} \times (5 \text{ hab/viv.} \times 57 \text{ viv.}) / 86400 \text{ s/día} = 1,15 \text{ l./s.}$$

$$\text{Caudal punta de consumo en uso mixto principalmente: } 2,4 \times 0,95 = 2,760 \text{ l./s}$$

Inclúense nesta pequena intervención un hidrante e unha boca de rego.

Convén recordar que as conducións doutras instalacións deberán estar separadas da rede de abastecemento tanto en planta como en perfil unhas distancias mínimas que son as seguintes:

Instalación	Separación horizontal en cm.	Separación vertical en cm.
Rede de Sumidoiros	60	50
Gas	50	50
Electricidade	20	20

A nova rede de distribución precisará os elementos específicos referentes a arquetas de chave, pezas en "T", hidrantes, bocas de rego, acometidas ou previsión das mesmas, o que se terá en conta para o deseño da nova rede.

Tense en conta para o cálculo da rede as seguintes expresións:

$$J = f \times V^2 / (2 \times g \times D)$$

$$V = 4 \times Q / \pi \times D^2.$$

$$V = 1/n (D/4)^{2/3} \times I^{1/2}$$

Cálculo hidráulico por fórmula de Manning con coeficiente de rugosidade para fundición dúctil de 0,013 e para PE e PVC de 0,010.

As lonxitudes xeométricas dedúcense por medición directa dos planos. A efectos de cálculo se equiparan a perdas de carga as pezas especiais e accesorios a metros de tubaría.

Equivalencias: Té ou cóbado 5 metros. Válvulas, bocas de incendios, pozos de bombeo, ventosas e outros é de 10 metros.

A gabia de canalización de abastecemento ten unha anchura na súa parte inferior que permita traballar en colocación de xuntas, etc., e isto esixe como mínimo 40 ou 60 cm máis que o diámetro exterior das tubarías.

Adoptarase unha tubería en rede principal de diámetro 100 mm en Fundición Dúctil mallando a rede cos puntos de entronque coa rede exterior prevista nos puntos detallados en planos.

CONCLUSIÓNS DA REDE DE ABASTECIMENTO

Establécense dúas situacións de cálculo para validar a proposta planteada.

Con todos estes datos conclúese que a rede terá 3 Kg/cm² en cada sección cos consumos de vivenda equivalente planteados.

Ante a eventualidade de ter en marcha o rego automático non debe descender a presión por debaixo de 3 kg./cm². Polo tanto considérase válida a rede proposta en planos.

ANEXO Nº 5

Subministro de enerxía eléctrica

ANEXO 5: SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA

1. CÁLCULOS XUSTIFICATIVOS ELECTRICIDADE BT SECTOR PS-3A. ETEA

a) POTENCIA DEMANDADA NA URBANIZACION.

A potencia estimada na zona electrificada do PS-3A, aplicando o ITC-BT-10 do R.E.B.T. sobre previsión de cargas para subministros en BT no seu apartado 4, previsión de cargas en Edificios Comerciais ou de Oficinas, será a seguinte:

- Edificio Faraday: Superficie Edificable $3100 \text{ m}^2 \times 100\text{W}/\text{m}^2 = 310 \text{ KW}$
- Edificio Siemens: Superficie Edificable $2.650 \text{ m}^2 \times 100\text{W}/\text{m}^2 = 265 \text{ KW}$
- 11 puntos de luz en espazo libre e contiguos a edificios $\times 28 \text{ W}/\text{punto} + 8$ proxectores encastrados en chan $\times 18 \text{ W}/\text{proyector} = 452 \text{ W}$
- Outros usos = 10 KW

PREVISIÓN TOTAL DE CARGAS = 585,452 KW

